



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 6 DE OUTUBRO DE 2011**

- ALCALDE-PRESIDENTE:** D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA
- CONCELLEIROS:** D. ANGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA  
D<sup>a</sup>. ANA SIMÓNS SÁNCHEZ  
D. JOSE RODRÍGUEZ TRIGO  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS MARTINS PASSOS  
D. POLICARPO VILAR MISA  
D<sup>a</sup> MARÍA JESÚS GARBIN DOMÍNGUEZ  
D. RAUL COSTAS LAFUENTE  
D. ANTONIO GARRIDO POUSA
- D<sup>a</sup> MARÍA ISABEL DOMÍNGUEZ QUINTAS  
D. ARTURO PEREIRA PEQUEÑO  
D<sup>a</sup> NATALIA VANESA VARGAS GONZÁLEZ  
D. MANUEL BARREIRO RODRÍGUEZ
- D. XOSÉ ENRIQUE FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
D<sup>a</sup>. ANA MARÍA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
- D. ANTONIO AMORÍN MARTÍNEZ
- SECRETARIA MUNICIPAL:** D<sup>a</sup>. SUSANA GALLARDO FARIÑA
- INTERVENTORA MUNICIPAL:** D<sup>a</sup>. ROSA MARIA DEL RIEGO SANTOS
- NON ASISTIU:** D<sup>a</sup>. MARÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a seis de outubro de dous mil once, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.- APROBACION DE ACTA ANTERIOR.**

**Acta da sesión ordinaria do Pleno de data 4 de agosto de 2011.**

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta.

**SRA. DOMINGUEZ, PSOE.-** Comentar que en el acta echamos de menos una intervención de la Secretaria y otra de la Concejala de Urbanismo, en el punto del Orden del Día de la modificación puntual del Plan General nº 4. Pedimos que se añada, que se copie y se transcriba literalmente la grabación efectuada.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.**- A transcribe unha funcionaria; pediremos que revise a gravación e se así foi engadirase.

**SR.AMORIN, UPyD.**- Na páx.39, na miña intervención, nos dous últimos renglóns, di: "... espero que o Porto deportivo non aproveite isto para montar alí os seus negocios..."; o que quixen dicir foi: "espero que o Porto deportivo aproveite este feito para montar alí os seus negocios", non que non aproveite o feito.

**SR.ALCALDE.**- En principio se revisará o que dí a Sra.Domínguez, e se corrixe o que di o Sr.Amorín.

Por outra banda, desculpar á Sra.María Iglesias quen por motivos persoais alegres non está hoxe con nós.

**Non habendo máis intervencións apróbbase por unanimidade a devandita acta.**

## **2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións da Alcaldía.

## **3.- DACION DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA DO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2011 EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA LEI 15/2010.**

Polo Sr.Alcalde dáse conta do devandito informe.

## **4.- DACION DE CONTA DA RESOLUCION DA ALCALDIA DE 9/09/2011 RELATIVA O CESE E NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DO CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS.**

Polo Sr.Alcalde dáse conta do devandito informe.

## **5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADANA NOS ESPAZOS PUBLICOS DO CONCELLO DE BAIONA.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da **exposición de motivos** da seguinte:

### **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADANA NOS ESPAZOS PUBLICOS DO CONCELLO DE BAIONA.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos últimos anos as poboacións europeas están tendo problemas importantes de convivencia cidadá no espazo público.

Moitas son as causas que invócanse para explicar estas circunstancias: o agrupamento da poboación en torno as grandes urbes, a globalización, materialismo, e o individualismo motivaron una perda de valores, a relaxación das normas sociais. Todo iso leva á inexistenza duns hábitos cívicos e ao declive das responsabilidades cidadás, como consecuencia dunha sociedade hedonista, que fixo do consumo masificado unha das razóns da súa existencia e



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

cunha forte presenza do individualismo (o imperio do eu e o abandono do nós ou do eles) no espazo público.

Baiona non escapou a esa tendencia e presenta a peculiaridade adicional de ser unha vila turística dende fai máis de cen anos, que cuadriplica a súa poboación no verán.

Esas persoas buscan en Baiona un lugar de descanso e tamén de lecer. É obxectivo do Concello e dos veciños o poder compatibilizar ámbalas dúas facetas, tendo en conta que os dereitos duns acaban onde empezan os dos demais.

Aínda que o “botellón” foi o elemento que disparou a alarma social, outras moitas actividades tamén alteran a convivencia cidadá no espazo público.

Fronte á degradación do espazo público, os concellos teñen instrumentos limitados de acción. As Ordenanzas municipais buscan poñer por escrito as actividades e condutas que esa comunidade considera adecuadas e cales non, establecendo os marcos de convivencia da veciñanza.

Esta Ordenanza non sería posible sen a colaboración de moitas persoas, que se implicaron neste documento: dende asociacións de veciños, como a do Casco Histórico (CAHIBA), ata asociacións de comerciantes e empresarios (ACEBA), funcionarios do Concello, equipo de goberno, mocidade e maiores.

A Ordenanza está integrada por 58 artigos e nela establece a finalidade, os fundamentos legais e os ámbitos de aplicación, así como as normas de conduta no espazo público, as infraccións, sancións e intervencións específicas en cada unha delas, pero buscando a rehabilitación das condutas dos infractores, tratando non de recadar e si de mudar comportamentos, polo que se contempla a posibilidade de substituír as sancións económicas por traballos en beneficio da comunidade, charlas, cursos ou sesións formativas sobre hábitos cívicos.

Ao longo desta Ordenanza trátanse os diferentes temas que alteran a convivencia cidadá: a concentración de persoas na vía pública, a contaminación acústica, a degradación visual do entorno urbano, a ocupación do espazo público por condutas que adoptan formas de mendicidade, o comercio ambulante, as actividades e prestacións de servizos non autorizados, os cans e outros animais na vía pública, o uso dos espazos naturais e zonas verdes e outros usos impropios.

O Concello esfórzase día a día, e servírase desta Ordenanza para garantir a maior calidade de vida de todo os veciños dende tódalas perspectivas, sendo a convivencia un elemento clave para logralo.

Dende o punto de vista material, esta Ordenanza actúa dentro do ámbito de competencias do que dispón o Concello co fin de evitar tódalas condutas que podan perturbar a convivencia e minimizar os comportamentos incívicos que se podan realizar no espazo público. Ten, por elo, unha natureza claramente transversal, ao afectar a un bo número de competencias locais e implicar unha gran parte da estrutura do sistema administrativo municipal.

De tódolos xeitos a solución punitiva, policial non é a solución definitiva. A única solución cabal para reforzar a convivencia cidadá e, sen dúbida, que os cidadáns incrementen o seu sentido de pertenza a cidade e os seus espazos públicos, que os preserven, os coiden, os fagan seus, que respecten as persoas que por elas transitan ou aquelas outras que viven en zonas colindantes non perturbando o seu descanso ou a súa tranquilidade. Así como que adoitén condutas ecoloxicamente responsables.



EXCMO. CONCELO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

---

**CONTINUA.-** Tras más de 2 meses de encuentros con representantes de la hostelería, de locales nocturnos, vecinos, y representantes del casco histórico, a los que estamos tremendamente agradecidos por sus aportaciones, así como miembros de la Policía local baionesa, Secretaría, y miembros del equipo de gobierno, intentando entre todos resolver el problema que acarrea el consumo de alcohol en la vía pública; así como todas las consecuencias negativas que lo acompañan.

Hemos diseñado con diálogo, cambio de impresiones, y el buen entendimiento, para intentar erradicar este mal que no solamente se da en nuestro Municipio; de ahí que hoy elevemos al Pleno la aprobación inicial de esta Ordenanza que creemos que entre todas las partes será una herramienta muy efectiva para hacer frente a todas las situaciones y circunstancias que puedan afectar a la convivencia ciudadana; además de contemplar en su articulado, como se ha dicho anteriormente, otra serie de problemáticas que pueden perturbar la perfecta convivencia en la vía pública, como son regular y limitar las acciones de publicidad, colocación de cartelería, propaganda, pancartas, adhesivos; normas más estrictas sobre la venta ambulante; uso idóneo de los espacios naturales y zonas verdes; control sobre la mendicidad; sobre actividades ó servicios no autorizados en la vía pública, y que son varios; regulación de los animales de compañía en la vía pública, como deben de ir, el tema de las defecaciones; la degradación visual del entorno con grafitis, pintadas, y otras expresiones gráficas; contaminación acústica, ó el uso inadecuado de espacios públicos para juegos.

El incumplimiento ó la desobediencia de cualquiera de estos 57 artículos de esta Ordenanza tendrá una sanción tipificada que puede ir de los 2.000 a los 3.000 euros. Las sanciones leves serán desde 200 hasta 750 euros; graves, de los 751 a los 1.500 euros; y muy graves, de 2.501 a 3.000 euros. Pero el fin de esta Ordenanza no es un fin recaudatorio sino de responsabilidad y concienciación; por ello tanto en las faltas leves como graves se podrán realizar trabajos ó labores sociales en beneficio de la comunidad, ó asistencia a cursos con una duración entre 40 y 80 horas; para las sanciones leves será entre 20 y 40 horas, y para las graves entre 40 y 80 horas.

Por lo tanto esta Ordenanza es una respuesta equilibrada basada en el derecho de todos a comportarse libremente en los espacios públicos, a ser respetados en sus libertades, pero asumiendo todos (y digo "todos") determinados deberes u obligaciones de convivencia y de respeto a la libertad y a la dignidad, y a los derechos reconocidos a los demás, valores esenciales de nuestra sociedad y que por desgracia se han perdido en los últimos tiempos. Muchas gracias.

**SRA.DOMINGUEZ, PSOE.-** Desde el partido socialista les adelantamos ya el voto favorable a esta Ordenanza si bien tenemos que hacer, y no puede ser de otra manera, una crítica constructiva. Llevan ustedes en el gobierno 8 años; 8 años de problemas de ruidos, de botellón; en el Pleno del 4 de agosto presentamos una moción de Urgencia solicitándose que precisamente por los problemas que había este año y que llevaban arrastrando ustedes año tras año, solicitamos 4 cosas: iniciar la redacción de la Ordenanza de ruidos (que seguimos sin ella, la derogaron ustedes), trabajar en la redacción de la Ordenanza de regulación del botellón, ó de convivencia ciudadana, como ustedes llaman a ésta; que efectivamente la hicieron; aplicar la Ordenanza de limpieza, en vigor, que no la estaban aplicando ustedes para sancionar a las personas que mean, defecan, y depositan residuos; lo hicieron en agosto, empezaron a aplicarla, descubrieron que había una Ordenanza; también les felicitamos por ello; y dotar a la Policía de medios, sonómetros, alcoholímetros, y medios personales; doblaron ustedes en agosto los servicios de la Policía Local y eso nos lleva a una situación como tenemos ahora de carencia de Policías para cubrir los servicios mínimos en esta temporada; seguimos con un problema de falta de agentes de Seguridad en Baiona, y por tanto vemos que si bien la Ordenanza nos parece que en general está bien vamos a seguir con el mismo problema de que ustedes no van a poder aplicarla por falta de medios.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Nos preocupa, en la redacción de la Ordenanza, Sr.Rodal, pero entendemos que sí se puede modificar si todos colaboramos en ello, y mejorarla, que por ejemplo hablen ustedes de conductas, y se considera que una conducta altera gravemente la convivencia, en el punto 3º del artículo 4, en el punto c) dice:

“si existen reiteradas quejas vecinales”; y más adelante dicen, en el artículo 14, “que la Policía Local podrá realizar comprobaciones”; yo creo que las Ordenanzas están sujetas a la regulación legislativa, a las Leyes superiores, y nadie puede ser sancionado si objetivamente no se demuestra la comisión de una falta ó una infracción; creo que hay que dotar a la Policía de sonómetros, hay que cumplir la Ley del ruido, y tienen que ser unas mediciones realizadas en determinadas condiciones; que se compruebe como dato objetivo. Ante las denuncias tiene que acudir la Policía Local, y tiene que hacer las mediciones; identificar al infractor; no es que pueda ir: es que debe ir para levantar esa sanción y poder tramitarla.

Me preocupa, y lo veremos después también, la realización y la tramitación de los expedientes; ¿cuántos van a acabar en sanción?; les pedimos información por escrito sobre el número de sanciones que se habían puesto, en aplicación de la Ordenanza de Limpieza, de la de Ruidos, en los años anteriores de su mandato, no tenemos respuesta; no sabemos si llegaron a abrir algún expediente sancionador, si llegaron a imponer alguna sanción; sabemos que lo hicieron en agosto de este año, pero para eso hizo falta que se movilizasen los vecinos, que se reiterasen las quejas, y sobre todo los últimos años, que ustedes fuesen quien del botellón que se celebraba en La Palma, apagarles las luces y trasladarlos al casco urbano; permitir la suciedad durante todo el mes de julio; y lo que es peor: que Baiona estuviese en la prensa a nivel nacional por un problema que estaba en sus manos solucionarlo, no ahora, ya antes.

Echamos de menos que esta redacción, si bien se hizo de acuerdo con los vecinos, nos parece estupendo, con las asociaciones, no hubiesen hecho ustedes partícipes a los miembros de la oposición cuando les tendimos la mano en agosto y les dijimos que había que hacerla y con urgencia.

Creemos que llega tarde, porque llevan ustedes 8 años en el gobierno; pero nos felicitamos de que por fin llegue. Ahora, lo que esperamos, es que en el presupuesto doten de medios a la Policía Local, y se den cuenta de que de nada sirve la Ordenanza sino se puede aplicar y poner en práctica.

Poníamos el ejemplo nosotros de Sanxenxo; este año tenía 64 agentes de la Policía Local entre titulares y auxiliares; en Baiona estamos muy lejos de ese número. Yo no pretendo que tengamos 64, pero sí el número necesario para cubrir todos los servicios con titulares a lo largo de todo el año, que puedan disfrutar de sus vacaciones, que puedan doblar sueldos, que puedan disfrutar de sus horas sindicales y derechos como trabajadores sin dejar el servicio en manos de auxiliares ó sin dejar el servicio vacío como pasó en alguna semana de este mes de septiembre y como va a pasar en el mes de octubre.

Les apoyamos en todo lo que sea para beneficiar al pueblo; les pediríamos también que esta Ordenanza, que como usted ha dicho es muy amplia y muy complicada, y supone muchos cambios en lo que son hábitos habituales de la ciudadanía, se transmita a los ciudadanos que se hagan charlas; sé que lo pone en la Ordenanza; lo que pido también es que se inicie con carácter inmediato porque creo que es algo en lo que hay que educar a la ciudadanía, y no tiene que ser sancionadora al 100%; elevan ustedes el importe de las sanciones respecto a muchas de las faltas que están ya reguladas en la de Limpieza ó en la de animales domésticos; ya se establecía allí la sanción por depósito de defecación, por orines ó por basuras de los animales domésticas; se prohibía dar de comer a los animales en la calle; hay que recoger las cacas de los perros; pero lo cierto es que nunca se aplicó. Ahora suben el importe de la sanción; no creo que sea tanto subir el importe de la sanción como educar realmente a la gente; advertirles en la primera infracción, darles charlas educativas a los niños en los colegios, en los institutos; en las asociaciones vecinales, asociaciones que estarán de acuerdo en participar y en colaborar; para que todos sepamos cuales son las normas que debemos cumplir para que Baiona realmente esté más limpia, más bonita, y sea un atractivo



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

turístico como lo que tiene que ser: turístico por limpeza, por hermosura, y por tranquilidad para todos los vecinos.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Quixera facer unha pequena historia dun que leva nos últimos anos pelexando para que existan Ordenanzas para todo tipo de actividades que desenvolven os veciños, máis que nada para que non se apliquen ó capricho ou interés do Alcalde de turno, "ti eres amigo e non te sanciono; ti non eres amigo e te sanciono"; polo tanto, para que non ocorra isto, debe haber Ordenanzas.

Ordenanzas para que todo o mundo se respete e garde unha maneira de vivir adecuada ó entorno.

Nós, o 8 de febreiro de 2002, o BNG, presentou unha ordenanza de ruidos e vibracións; daquela se botou abaixo; votos en contra do PP, ABI, e PSOE; se abstivo VIB. En sesión extraordinaria do 15.6.04 se presenta novamente a mesma Ordenanza e se aproba cos votos a favor do PSOE, BNG, e CMÑ, en contra do PP, votou en contra tamén o Sr.Duarte, e se abstivo Chicho; se aplicou a Ordenanza; e se presentou esta ordenanza porque as responsabilidais de goberno que tiña eu, na miña área, eu era concelleiro de Vías e Obras e Seguridade Cidadana, requiríanme os funcionarios do Concello, a Policía concretamente, que para facer o seu traballo necesitaban unha ferramenta adecuada para que non houbera impiedade por parte de quen infrinxira a Lei; maioritariamente algún que outro veciño, ou algún que outro visitante, que se pasaba na súa juerga de noite; pero sobre todo as actividais dos pubs, que sobrepasaban o ruído establecido, o ruído legal, e que non cumprían coa normativa existente.

Como había moitas lagunas na normativa autonómica, que era a que se aplicaba, a Policía solicitou, e tamén os servizos xurídicos do Concello, que se debera facer unha Ordenanza. Se fixo; se adaptou a Ordenanza do Concello de Santiago, que era o máis similar ó noso por ter un caso histórico, e se aprobou como dicía antes cos votos do PSOE, do BNG, e de CMÑ. Esta Ordenanza estivo aplicándose durante o noso mandato e cando se nos presentou a moción de censura pois a partir de ahí empezou a levantarse o acelerador; empezouse a non aplicar a Ordenanza e a deixar que as cousas circularan pola súa propia inercia.

Foi o 15 de xaneiro de 2009 cando o PP, co Sr.Almuiña ó fronte, derogou a Ordenanza reguladora de ruidos e vibracións; e a derogou por algún motivo, él saberá porqué; en base a qué intereses. Desde aquela se fixo o que deu a gana; os empresarios que quixeron pasaron os límites; os veciños presentaban denuncias; o Defensor do pobo reclamou ó Concello en varias ocasións porqué motivo non se tramitaban esas denuncias, e quedou todo en nada; claro, este ano, os veciños do casco vello sobre todo, se encheron, se fartaron, loxicamente, e se mobilizaron, protestaron e se queixaron; con tódala razón do mundo, porque todo o mundo ten dereito a descansar. Eu sufrín iso no casco vello e sufrino en Sabarís, coa recta, que a partir das 6 mañá non había quen durmira. Esta sensibilidade non a ten todo o mundo.

Nós, cando foron as alegacións ó PEPCHAB, o 27 de agosto de 2009, alegamos ó PEPCHAB que se nomeara a zona do casco zona saturada de ruidos; é dicir, que a partir dese momento calquera pub que se quixera montar no casco histórico non tivera licenza, e pouco a pouco restablecer un uso de normalidade dentro do casco histórico; que non soamente son os pubs; calquera ruído que fan os veciños e os visitantes, e os usuarios deses pubs, son os que alteran a convivencia e os que impiden o descanso dos veciños do casco.

Nós queremos poñer o casco en valor, e creemos que é imprescindible unha Ordenanza; unha Ordenanza que ben puidera ser ésta que nos presenta hoxe o Alcalde; que ben puidera ser; e aquí dise que consensou cunha serie de sectores do Concello; sectores como a asociación de veciños CAHIBA e outra serie de veciños máis; que consensou con eles; e eu lle digo: Sr.Alcalde ¿e o resto da Corporación qué?, ¿para qué estamos nós aquí?, ¿para vir a cantar sevillanas ó Pleno?; nós estamos aquí como concelleiros, e eu son un concelleiro e teño a obriga, e o interés tamén, de que cando se fai un documento deste tipo se conte con nós; porque aquí non sobra ninguén e todos podemos aportar algo, absolutamente todos; e vostedes, por intereses partidistas, nos deron de lado. Nós non participamos en nada desta Ordenanza; absolutamente en nada; e non lla vamos a aprobar, pero non solo por ese motivo;



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

non lla vamos a aprobar porque resulta que se ben é certo que no apartado do que falabamos agora, de ruídos e vibracións, e de escándalo dentro do casco, pois máis ou menos estamos de acordo, vostede quer montar en Baiona un estado de excepción e sitio; o máis puro estilo franquista; e lle vou a dicir porqué: "*art.13. pto.nº 7.: con carácter xeral prohibese en vías e zonas públicas o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción e análogos; salvo que dispoñan de autorización municipal*"; *Art.18, apart.a): Está prohibida a colocación de carteis, rótulos, pancartas, adhesivos, papeis pegados ou calquera outra forma de publicidade, anuncio ou propaganda en calquera espazo público ou elemento da paisaxe e o mobiliario urbano e natural, salvo nos lugares expresamente habilitados ó efecto pola autoridade municipal, e previa obtención da correspondente autorización municipal*" .

Quere dicir isto que se un partido político, unha asociación de veciños, unha asociación cultural, pretende facer unha actividade informativa ou cultural en calquera parroquia, en calquera zona do Concello, ten que ter autorización de vostede; e iso é fascismo, Sr.Alcalde; ese é un estado de excepción e sitio; eu quero informar ós veciños cando a min me interese informalos ou cando teña a obriga de informalos, non cando teña o permiso de vostede; nós estamos nunha democracia; e me parece moi ben que habilite espazos para información dos veciños, e estamos de acordo, e que non anden a manchar nin as marquesinas nin os espazos públicos, me parece moi ben; e que se eliminen todas esas pegadas de discotecas que hai por todo o Concello; me parece moi ben; pero para iso hai que dar facilidade á información da xente. Non vexo correcto que vostede me de autorización a min a sacar megafonía para convocar ós veciños a unha asamblea, e senón lle interesa que non ma dea; iso é un estado de sitio; iso non é democracia. Polo tanto nós non estamos de acordo con esta Ordenanza, por ese motivo fundamentalmente; non polo tema do botellón no casco histórico, que nós sí nos molestamos fai moitos anos en que houbera unha Ordenanza, conseguimos sacala adiante e foi vostede quen a derogou para impiedade duns poucos interesados; alá vostede porqué o fixo.

Sr.Alcalde, nós vamos a votar en contra desta Ordenanza, por ese motivo en exclusiva.

**SR.AMORIN, UPyD.-** En primeiro lugar quero dicir que vamos a votar a favor desta Ordenanza, sen entrar nin na forma nin no fondo; vamos a votar a favor porque esperamos que lle favoreza ós veciños do casco, que dudamos, pero vamos a votar a favor.

Dí vostede na proposta da Alcaldía que colaboraron na confección desta Ordenanza a asociación veciñal CAHIBA, tamén ACEBA, faltaría máis, algúns funcionarios, mozos e maiores, e por suposto Sr.Alcalde, o equipo de goberno; pero mire por onde, a oposición non estivo presente; nós, que representamos a 3.000 veciños, 500 menos que todos vostedes, sen embargo se nos despreza unha vez máis para temas tan importantes como a convivencia veciñal e a elaboración desta Ordenanza; vostede, Sr.Almuiña, pagará as consecuencias das malas formas que está acostumado.

Eu sei que esta Ordenanza non resolverá os problemas dos veciños posto que son demasiadas páxinas que non dicen nada; vostede lle bota a culpa ó materialismo, ó individualismo que motivaron a perda de valores, a relaxación social, e vostede continúa botándolle a culpa a cousas que non menciono porque perderíamos o tempo. Soamente dicirle que vostede vive noutro mundo e non ten nin a máis mínima idea do problema que teñen e das solucións que demandan os veciños do casco.

O que pasa en Baiona non é nada do que vostede dí; en Baiona o que pasa é que vostede non goberna; a vostede lle presionan para que permita empezar pequenas movidas e despois é incapaz de poñerlle remedio; e agora pretende vostede evanxelizar cunha Ordenanza de 32 páxinas, a altas horas da madrugada atopándose a xente no estado en que se atopa dicíndolles que entre todos nós, os aquí presentes, aprobamos unha Ordenanza que prohibe beber e agruparse na rúa, e que por favor teñen que marchar a mexar e vomitar a outro lado; vostede di que a Policía non é a solución, ¡pois xa me dirá quen lle vai a facer fronte ó problema!; posto que vostede din que a Policía non é o camiño máis adecuado me imaxino



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

que será a Asistente Social que faga estas labores, a ver si desta maneira é capaz de sacarlle a vostede da touba onde se encontra.

Aquí hai máis cuestións que se entrelazan e das que non se quer falar; probado temos a invasión do botellón pola noite, pero tamén temos polo día a invasión de aceras e prazas por parte de cafeterías e restaurantes, estou seguro que xa existe unha ordenanza que o regula, pero vostede é incapaz de facela cumprir. ¿E que me di das caravanas que algunha delas leva 3 meses na praia da Ladeira, con 2 coches e unha moto para darlle servizo?, que se adueñan dos espazos públicos sen que vostede faga nada por evitalo. Está vostede seguro que a estas alturas, cando intente botalos, que o dubido, se levantarán en guerra contra o Concello porque pensarán que xa teñen adquirido algún dereito; iso chámase desgobierno, Sr.Alcalde, que é o que vostede preside.

Por outro lado temos o tema dos quioscos, que ocupan parte dunha acera; iso pola noite, porque polo día estíranse como xirasoles ocupando practicamente a acera; sen que vostede faga nada por evitalo. Sen embargo ten vostede a uns infelices que venden o cupón que nin sequera lles permite poñer un paraugas para taparse da chuvía; nestes veciños, que non teñen medios, é onde vostede deixa caer todo o peso do seu poder, Sr.Alcalde; estamos vendo inxustizas sociais que vostede non fai nada por evitar.

Non quero entrar máis nesta cuestión, que é moi seria para os veciños, que teñen que soportar noite tras noite o que todos sabemos; e que vostede pretende entretener coa aprobación desta Ordenanza que lles vai a servir de moi pouco; oxalá teña vostede razón, pero estou seguro que o próximo ano os veciños terán o mesmo problema que tiveron este verán; llo digo porque este problema soamente ten dúas solucións: unha é unha Policía preparada e mentalizada, respaldada por vostede cun soldo digno para que exerzan as súas funcións e faga que se cumpran as normas de convivencia nas calles do noso municipio; e segundo, Sr.Alcalde: gobernando; iso é algo que vostede non sabe facer; nada máis.

**SR.RODAL, PP.-** Sr.Amorín, cuando habla de que el Alcalde vive en otro mundo imagino que también se refiere a todo el equipo de gobierno; somos 9 concejales y yo soy el responsable de varias áreas, entonces obviamente si usted dice que el Alcalde vive en otro mundo todos los demás también vivimos en otro mundo. La mayoría de la gente que conoce al Sr.Almuiña sabe que está todo lo que puede en la calle, aparte del tiempo que dedica a las tareas del despacho ó contratando con otras Administraciones para que este municipio (como dice la Sra.Isabel Domínguez) siga siendo un municipio de Excelencia Turística y sigamos estando orgullosos de ser el primer municipio con este distintivo.

Respecto a lo que decía usted de la Policía, claro que en el tema de la convivencia ciudadana todos entendemos que no solamente la Policía es la solución; en este tema, como antes decía, creo que repetí la palabra "todos"; todos tenemos parte de culpa de lo que está pasando ahora. Obviamente las Ordenanzas son para intentar cumplirlas y cuando alguien no lo hace pues habrá que sancionar, pero todos somos responsables de la educación, todos tenemos hijos, los educadores tienen su parte, los padres (y yo soy padre) tenemos que dar educación y unos valores, y por ahí empezamos.

Esta Ordenanza es una herramienta para cuando empiecen a darse anomalías en la convivencia ciudadana se sancione ó haya otro tipo de actuaciones como son trabajos sociales; pero entiendo que entre todos, entre toda la sociedad, tenemos que ir cultivando esas nuevas generaciones; por eso dije en mi intervención anterior que se habían perdido un poco los valores en los últimos años; creo que en esto todos estamos de acuerdo; incluso gente mucho más entendida que nosotros, como son los psicólogos, están dándole vueltas ahora al tema de en qué hemos pecado, qué errores hemos cometido para que la sociedad esté así; hoy la mayoría de la juventud está aburrída; aburrída en una sociedad en la que lo tienen todo; pues en algo pecaremos; y ese aburrimiento después lleva a muchas otras actitudes.

Pero nuestro deber, como bien decía usted Sr.Amorín, es gobernar; y tenemos que hacerlo; y la Policía tiene que hacer su labor, y tiene que estar dignamente gratificados económicamente;





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

pero tienen que hacer su labor y no solamente hacerlo porque se les pague mejor ó no; tienen un salario digno dentro de su trabajo.

Habló usted también del tema de las caravanas; si leyó todo este articulado verá que está contemplado este tema de las autocaravanas que no cumplen con la Ordenanza, y a partir de enero ya se podrá hacer cumplir.

Respecto a lo que comentó de los quioscos; de los pobreciños que están ahí en la calle Elduayen vendiendo el cuponazo, el cupón de la Once; decirle que esa gente no entró en el concurso de los quioscos; los quioscos pagan unos impuestos, están legalmente instalados ahí; pueden estar mejor ó peor adecentados; pero a los otros nosotros obviamente no le podemos poner desde el Ayuntamiento una caseta porque ellos no quisieron entrar en el concurso de quioscos, sino tendrían que estar oficialmente en esos quioscos.

Respecto a la Sra. Domínguez, agradecerle que nos apoye, igual que al Sr. Amorín, en esta moción; estoy muy de acuerdo con usted en lo que comentó del artículo 7º de las medidas preventivas; tendremos que tener una reunión en la primavera con todas las asociaciones para hacer un planing de cara al verano, para intentar que con todas estas medidas no se repita lo que pasó este verano; y sí que es un deber nuestro, del equipo de gobierno, dar medidas preventivas, como usted muy bien comentó; en colegios, educacionales; y sobre todo advertir de lo que es esta Ordenanza.

Pero creo que más que del articulado en sí se trata de dar unos valores, intentar promocionar (como también lo estamos haciendo con el tema del agua) para que haya un mejor uso de lo que es nuestra vía pública. El botellón es un tema que llama mucho la atención, pero hay muchísimos otros problemas, como comenté antes: graffitis, pintadas, excrementos de caninos, un montón de hábitos diarios; en verano en Baiona triplicamos nuestra población, hay muchísimos más requerimientos, pero en invierno también los tenemos y tenemos que saber convivir unos con otros; todos tenemos derechos pero todos tenemos obligaciones; todo el mundo sabe sus derechos y nadie quiere saber sus obligaciones. Pues esta Ordenanza dice lo que son las obligaciones.

Comentó usted que Sanxenxo tenía 54 miembros de la Policía; creo que son 30 los que tienen fijos todo el año y como usted sabe por Ley no se puede contratar más del 50% de estos miembros de auxiliares en verano, por lo tanto tendrán 45 en verano; de todos modos nosotros tenemos 23; ellos póngale que tengan 45 y nosotros 23; ojala tuviésemos 45; pero Sanxenxo en verano tiene 110.000 personas en las calles y nosotros tenemos 48.000 en un día bueno de agosto; nosotros tenemos 34 km2 de extensión y ellos tienen muchísimo más, seguramente nos triplican ó cuadriplican. Por lo tanto, si hacemos la comparativa con Sanxenxo, en cuanto a plazas de Policía estamos superiores a ellos en cuanto a proporción, tanto de orografía como de población.

Usted comentó que llevamos 8 años gobernando; no es así, llevamos 6 años y medio, casi 7; el otro año y medio restante estuvieron ustedes gobernando y entiendo que también tomaron las medidas oportunas para intentar solucionar estos problemas.

Me pareció entenderle (ó no sé si lo diría el Sr. Fernandez) que habíamos apagado la luz en la zona de Monteboi; que a mí me conste no es así; desde aquí nosotros no hemos intentado que el botellón se trasladase desde esa zona a otra, como sí lo han hecho en Vigo que al final están sacándolos de una zona pero obviamente se van para otra y al final están rotando. Nosotros no hemos tomado ninguna medida en cuanto a eso.

Sr. Fernandez, en cuanto a lo que comentaba de contaminación acústica, de paneles, de carteles, y de que el Alcalde era un fascista; que el Alcalde hacía políticas fascistas; usted tiene todo el derecho a decir lo que quiera; a mí me parece una tontería, sinceramente. Estamos hablando de convivencia ciudadana en la vía pública; no se pueden poner carteles en cualquier sitio. Yo le dije a usted en la campaña electoral que me parecía vergonzoso que ustedes pusieran carteles en los árboles; para mí un árbol es un bien, espacio verde, naturaleza; me parece vergonzoso. Si nosotros, los propios políticos, no damos ejemplo, cómo estamos hablando de una Ordenanza de convivencia ciudadana; cómo queremos que los niños, las próximas generaciones tengan valores, cuando nosotros mismos (y en este caso me refiero a usted, porque sabe perfectamente que es así) colocamos carteles clavándolos en los



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

propios árboles. En cuanto a la megafonía, por supuesto que hay que intentar controlar; pero hay eventos deportivos y otra serie de actuaciones que tienen que pedir permiso para hacerlo; no puede haber ruido por las calles por cualquier motivo; igual que lo que dijo de las marquesinas, claro que estamos totalmente de acuerdo en que no haya pegadas en las marquesinas, porque es un bien de todos, no es un bien municipal.

Pienso que el problema es que todos entendamos que la calle es de todos; que realmente es de todos; y si todos la cuidáramos como si fuera nuestra propiedad muchos de estos problemas no los habría; creo que en el momento de que todos seamos conscientes de que los bancos, los parques infantiles, los viales, etc., son de todos, muchos de estos hábitos se corregirán; mientras no seamos consecuentes con ello intentaremos tomar medidas como esta política de una Ordenanza que entendemos que se ha hecho con el mejor criterio posible.

De nuevo agradezco a ACEBA, a CAHIBA, que están aquí representados, igual que a los vecinos, su empuje por esta Ordenanza; hemos tenido 6 ó 7 reuniones, incluso con locales nocturnos que están involucrados en este tema, y todos han aportado algo a esta ordenanza que queremos ver como algo para beneficio de todos; no como tema de disputa sino como un beneficio para nuestro municipio. Y ojala que el año que viene, ó en la Arribada, ó en Semana Santa, pero sobre todo en el próximo verano, no ocurra lo que ha pasado este año; y por muchos medios policiales que tuviéramos, Sr.Amorín, esto sería imposible de controlar; y la Sra.Domínguez tiene razón: tenemos que tener Policía, que sea Policía apta, con medios adecuados, y nosotros desde el gobierno tenemos que poner las ordenes adecuadas y decir a los vecinos que si ven que algo está fuera del control de la Ley pues que nos lo digan para lógicamente poder sancionar ó que la Policía haga la actuación. Muchas gracias.

**SRA.DOMINGUEZ, PSOE.-** Sr.Rodal, efectivamente no llevan 8 años, van a hacer 7 en diciembre, que fue la moción de censura en diciembre de 2004; con lo cual van a hacer 7; hasta ahí acepto el error. En cuanto a lo demás: 64 agentes de Policía en Sanxenxo este verano; información de la Subdelegación del Gobierno, porque allí sí que se pide información por escrito y la facilitan; por lo tanto, 64 agentes; cómo los contrataron no lo sé, pero ese es el número oficial según la Subdelegación del Gobierno en información facilitada a este grupo.

En cuanto a que a usted no le consta si se apagaba la luz ó no, pues entérese de lo que se decide en ese gobierno del que usted forma parte porque efectivamente se apagaba la luz de la Palma a determinada hora de la madrugada y los jóvenes se venían al casco porque allí estaban a oscuras; iniciaban el botellón en la Palma y acababan viniéndose al casco porque estaban a oscuras, y así lo manifestaron abiertamente, incluso en la televisión.

En cuanto a los 7 años que llevan de gestión, aguantando el problema de botellón, los últimos 3 desde que se formó la Asociación CAHIBA, hablando y reuniéndose con ustedes, pidiéndoles su intervención, nos consta (y usted me puede decir que estoy equivocada) que primero le echaron la culpa a los padres, luego decían que era la Guardia Civil la que no intervenía, que llamasen a la Guardia Civil para presentar denuncias los vecinos; al final acabaron diciendo que denunciasen ante el 112, el teléfono de Emergencias, todo echando balones fuera, ¿porqué?: porque no había Policía Local suficiente en Baiona; porque si se les llamaba no acudían porque no tenían medios. Usted dice que tiene que haber una Policía Local preparada; en Baiona la tenemos; pero es insuficiente; y ustedes están empeñados en empeorar las relaciones con la Policía Local, y por lo que nos consta llevan ya no sé cuantos pleitos con la Policía Local para no pagarles las horas extras, las dietas, etc. La Policía Local hace la labor, y lo que tienen que hacer ustedes desde el gobierno es procurar que la realicen de acuerdo con sus derechos de trabajadores y sindicales, y dotarles de medios; es increíble que en Baiona sigamos sin un sonómetro homologado, que no tengamos un alcoholímetro, que ni siquiera tengan una radio de intercomunicación entre ellos; vehículos muchos, cada vez que hay una subvención para comprar un vehículo ó una moto, muchos; pero agentes para conducirlos no, Sr.Rodal; y agentes suficientes para aplicar las ordenanzas, tampoco.

En cuanto a la redacción de las Ordenanzas me va a permitir que le eche un guante al portavoz del BNG porque efectivamente esta Ordenanza va a depender muy mucho del carácter y el talante con el que se aplique; y tiene razón el Sr.Fernández cuando dice que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

dependemos, ó se va a depender, de la autorización municipal para determinados carteles. Si esta Ordenanza se aplica mal desde el gobierno vamos a ver carteles del gobierno y carteles del PP en todas partes y no vamos a ver ninguno de los nuestros porque se nos deniegue la licencia que ustedes a sí mismos se pueden dar.

En cuanto a los carteles pegados en los árboles es habitual encontrarlos de oficinas municipales, por ejemplo los de juventud; yo los he visto en Sabaris, pegados en los árboles frente al Mercado.

Volvemos a decir: esta Ordenanza ¿necesaria?: sí; ¿conveniente?: también; ¿qué depende del tema de educación?: por supuesto, y del respeto a todos y a cada uno, y que todos nos brindemos ese respeto.

Ustedes no empiezan bien cuando no cuentan con nosotros para la redacción y para el estudio, y cuando además ha sido una iniciativa nuestra en el Pleno anterior el iniciar esta Ordenanza, y se lo pedimos y se lo exigimos en una moción que por cierto ustedes no aprobaron en aquel momento; pero al final van haciendo lo que nosotros decíamos en aquella moción; en ese sentido nos congratulamos todos, les felicitamos y estamos dispuestos a apoyarles.

También nos preocupa otro artículo de la Ordenanza que antes me quedó sin decir y es respecto a las denuncias de los ciudadanos. En el art.49 dice: "*Sen prexuízo da existencia doutros interesados aparte do presunto infractor. (entiendo que es un error), ...calquera persoa pode presentar denuncias...*", dudo que el infractor se vaya a presentar una denuncia a sí mismo, entonces entiendo que es un error. Y es lógico que cualquier ciudadano pueda presentar denuncias, pero ustedes exigen que se identifique el denunciante que la haga, por escrito, que identifique al infractor, etc., una serie de exigencias que creo que sobran; la obligación del gobierno es la de inspeccionar, vigilar y exigir el cumplimiento; no hace falta ninguna denuncia tan estricta por parte de ningún vecino; al vecino le llega con llamar a la Policía Local y decir que existe una situación donde la Policía tiene, insisto, tiene que asistir y tiene que comprobar el hecho y la infracción cometida; no es que pueda asistir, es que tiene que hacerlo. Creo que esas correcciones son importantes porque sino en el trámite sancionador posterior, en el expediente sancionador, van a tener muchísimos recursos y me temo que se van a ganar la mayoría de ellos.

Dicho esto volvemos a insistir en que es una Ordenanza totalmente necesaria, confiemos en que la aplicación se haga con el talante que además la propia Ordenanza dice en cuanto a la convivencia y al respeto a las libertades y a los derechos de los ciudadanos, y en ese sentido no exista problema luego a la hora de autorizar esas labores ó tareas que todos tenemos que hacer en el ejercicio de nuestros cargos y de nuestros haberes diarios. Vamos a apoyarla pidiendo, por supuesto, que solucionen el problema con la Policía Local, que la doten de medios para que puedan aplicarla, y que se ponga en práctica y no hagan lo que estos últimos 7 años que no han abierto ni un solo expediente aplicando la de Limpieza, derogando la de Ruidos, ni utilizando la de animales domésticos para ni una sola infracción. Muchas gracias.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Despois de escoitar ó portavoz do PP a min non me extraña en absoluto a súa postura, a súa filosofía que ten da política; eu estou por ver en todos estes anos que levan gobernando, me refiro ó equipo que está agora e que estivo nos últimos 4 anos, non ó goberno do PP, porque o goberno do PP case dende os Reis Católicos está gobernando, en todo caso o último que temos; estou por ver cando nalgún momento, sobre todo o Alcalde, reconece que meteu a pata, que ten culpa de algo; e vostede nesa filosofía está; dí: "todos temos parte de culpa"; a culpa é de vostedes, non miña. Eu cando estiven gobernando apliquei, presentamos unha Ordenanza, se aprobou e se aplicou, con sonómetro, con alcoholímetro, se facían controis de alcoholemia, se dotou á Policía de tódolos medios cantos necesitaba, e sobre todo ¿sabe o que me pediron o primeiro día?: dignidade, e lla demos; ata que chegaron vostedes. E vou a explicarlle porqué: a Policía non soamente ten falta de salario, non soamente lle gana os pleitos todos que lle presentan no Xulgado, non soamente iso, a Policía está farta de moitas situacións que se dan neste Concello: sacarlle multas ós amigotes, que se rían deles, entre outras moitas máis cousas.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Lle vou a ensinar unha cousa, Sr.Rodal; non sei si é vostede coñecedor do que é isto: isto é unha memoria de servizos do ano 2006 da Policía; "memoria de servicios"; isto no lo daba tódolos anos a Policía a primeiros de ano e resumía nel tódala actividade policial que se desenvolvía durante o ano pasado; é dicir, que esta no la entregaron no 2007 porque a memoria é do ano 2006; tódolos anos se fai este librito; tódolos anos se lle entrega ó Alcalde para que lle dea o visto bo, e este do 2006 é o último que recibimos, porque o resto os ten secuestrados o Alcalde no seu despacho. Non no los deu, por algo será; isto é un secuestro de información. Os informes da Policía, as memorias, non son entregadas á oposición porque é un arma fundamental contra o goberno; porque canta por si solo, porque non hai duda ningunha que non están vinculados a ningún partido político senón que son funcionarios.

Dicia vostede que esta Ordenanza é para intentar controlar, efectivamente; pero a nós non nos vai a controlar ninguén; nós temos que facer desenvolver unha actividade política e vamos a facelo; vamos a facelo pese a quen lle pese; vamos a informar ós veciños aínda que a vostedes non lle guste; vamos a facelo; e con Ordenanza ou sen Ordenanza; vostedes o que non queren é aplicarlas; levan todo o ano, e nos últimos anos, toreando ós veciños; toreando sistematicamente ós veciños; enganando, dicindo que si é pola Gardia Civil, despois que si é a Policía, ... A Policía fai o que vostedes lle mandan, dentro do seu cadro de traballo, do seu marco; fai o que lle mandan. E si vostedes dicen que o sábado pola noite non haia patrulla, non hai patrulla; non pode vir a Policía de casa a facer patrulla senón está establecido por vostedes que son os que mandan; a responsabilidade é de vostedes, non da Policía Local, e se hai algún Policía que non cumpre con su deber é obriga de vostedes facelo cumprir, obriga de vostedes; pero claro, obrigarlle ós Policías, obrigar ós veciños a que recollan o excremento dos cans, a que non fagan ruído, a que cumpran co horario do lixo (non botar o lixo ás 5 da tarde), facer cumprir todo iso costa votos, e iso e ao que non están vostedes dispostos: a que lles coste votos; claro, sancionar significa crearse un enemigo para sempre e perder votos, e a iso é ao que non están dispostos; esa é a clave da cuestión. Polo tanto, van a aprobar esta Ordenanza, pero senón a aplican van a estar exactamente igual que este ano, exactamente igual; e vostedes, como non están interesados nesa cuestión pois non a aplicaran, pasarán da historia; ou a aplicarán a quen lle convén, que é outra cuestión.

Sr.Rodal, eu xa lle dixen que estou de acordo en que non haxa cartelería, non de partidos políticos xa, senón de salas comerciais; cada semana hai portais que teñen 4 ou 5 centímetros de grosor de cartelerías, iso é un feísmo auténtico; iso hai que evitálo, efectivamente; pero para iso hai que dar alternativas; se vostede non me deixa a min pór con celo un cartel dicindo que convoco ós veciños de Baredo a tal assemblea tal día, se vostede non mo permite, poña un cadro onde eu poida pór alí a miña convocatoria; iso é o que ten que facer; antes de prohibir ten que dar alternativas; e estamos todos de acordo; e non me diga vostede a min porqué motivo non pode sair unha megafonía a informar ós veciños que hai unha assemblea tal día, ou que hai un acto cultural; que para iso ten que depender do Alcalde; que moitas veces se convocan asembleas informativas de asociacións de veciños dun día para outro; é que non pode andar a xente vindo ó Concello a facer solicitudes e esperar a que lla dean; iso é irreal; iso é vivir na lúa, Sr.Rodal. Vostede sabe que é así, que é un político como nós; polo tanto, retiren vostedes iso e nós lle aprobamos a Ordenanza. Retiren vostedes este intento de Estado de excepción e nós aprobamos, porque por suposto xa dixen: o interes que tiñamos, levamos dende o ano 2002 tratando de aprobar unha Ordenanza para que os veciños do casco poidan durmir; os do casco e os de toda Baiona. Polo tanto creo que a cousa quedo ben clara e por suposto nós estamos dispostos a sentarnos a falar con vostedes, cos veciños e con quen sexa, pero polo menos para iso chámenos, porque nós tamén somos parte da Corporación; vostedes actúan politicamente dunha maneira partidista que quen non está con vostedes está en contra de vostedes. Iso sí: cando lles interesa nos chaman; cando hai un interés especial sí que nos chaman; neste caso non interesaba. Nada máis.

**SR.AMORIN, UPyD.**- Soamente contestarlle ó Sr.Rodal; a Policía non soamente ten que ter soldo, que tamén, ten que ter respaldo político; o traballo da Policía é un traballo moi delicado e senón ten o respaldo do goberno loxicamente se sente coartado para desenrolalo; e a nosa



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Policía ese respaldo non o ten; teñen grandes problemas e vostedes o saben mellor que nós; vostedes saberán porque non o solucionan. Con respecto ós carteis, eu lle direi que o propio goberno ten aquí, na praza de aquí a lado, un cartel que leva todo o verán enganchado na Igrexa da Misericordia.

E cando eu digo que o goberno non goberna a proba témola nesta Sala que temos aquí; vostede deunos unha charla como se nós foxemos crios de colexio; e non; aquí se ven a facer política e vostedes ten que gobernar; é a súa obrigaón gobernar; e o que está pasando nesta Sala é unha das mostras de que vostedes non gobernan. Si eu estou sentando onde está o Alcalde pode ter vostede a completa seguridade de que non pasa o que pasa aquí; pero nós, en vez de ser igual que vostedes, de mañá traer e meter aquí 4 ou 5 persoas e que haia un debate despois de que anden a piñas, despois cerramos a porta e non entra ninguén; iso é a solución que vostedes lle dan ós problemas; primeiro deixan que crezcan e despois non son capaces de poñerlle traba. Nada máis.

**SR.ALCALDE.** - Para finalizar quixera agradecer a tódala xente que traballou nesta Ordenanza. E moi difícil gobernar, é certo; a veces teño que ser un personaxe, según a oposición, como o doctor Jekyll e mister Hyde, porque por un lado uns me piden máis Policía e outros me dicen que son un fascista; que teño demasiada gana de controlar; pero ó mesmo tempo a mesma persoa que me chama fascista di que hai que ter máis Policía para multar a aqueles que poñen a basura fora de hora, e demais.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Estamos de acordo en que a auga é un ben prezado e que é necesario coidala e usala como hai que usala; eu me acordo dunha intervención que houbo aquí (non vou a dicir quen, pero sí está aquí), do plantexamento que facía cando falaba da Lei do Habitat. A Lei do Habitat esixía nas novas construcións unhas instalacións adecuadas para o reciclamento da auga; e claro, o cachondeo que había era cómo se ía reciclar a auga que se utilizaba para a ducha para despois botar polos wateres; e lle causaba sorpresa e cachondeo a unha persoa que está involucrada no mundo da construción, ou dos inmobeis. Me facía gracia porque estaba vostede calcando o Decreto do Habitat cando súa compañeira dicía todo o contrario; me parece ben que se utilicen esas demagoxias pero ó final todo o que dicimos vólvese en contra nosa moitas veces; é o caso que lle pasou a vostede.

Referente ó saneamento, pois hai que subilo tódolos anos, evidentemente; sube o IPC e hai que subilo; ¿non debe de facerse?: pois en época de crises non; noutro momento sí; aquí cando interesa subilo se sube, e cando non interesa subilo porque hai eleccións e non lle quere subir os impostos ós veciños pois non se sube; esa é a política que están facendo vostedes tódolos anos; polo tanto van a subilo neste punto.

Nós non temos nada máis que dicir porque ten que subirse o IPC e polo tanto hai que subilo, pero non creemos que sexa apropiado neste momento e máis aínda cando (como ben saben



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

vostedes, e o saberán mellor que nós) para o mes de xaneiro está previsto engadir o cánon da auga, que vai encarecer tremendamente os recibos, aínda máis do que o encarecemos hoxe coa aprobación desta Ordenanza, porque a partir de xaneiro o Sr. Feijoo dende a Xunta de Galiza, que aprobou o Decreto e que está esperando o momento adecuado para subilo, é dicir: a que pasen as eleccións do Estado, va a aplicalo; e o van a facer. E dicir, que vamos a ter este 4,67 máis de incremento na subida do saneamento máis o que vai a significar despois a aplicación do cánon da auga; polo tanto, vai ser suba e máis suba; non só da electricidade, que tamén, por certo, é outra aberración mais; e outra aberración que o suban cada pouco; e iso é responsabilidade do Goberno do Estado, non dos empregados de FENOSA; si por mín fora baixábase bastante máis.

**SR.AMORIN, UPyD.**- Soamente dicir que quen rega con auga tratada é o Concello; eu non miro a ningún veciño facelo, é moi difícil vélo, en primeiro lugar porque ás Parroquias xa non chega a auga do Concello; chega a poucas; polo tanto aplíquese o consexo e non nos diga ós demais que é o que temos que facer coa auga propia.

Vostede di que en Galicia chove moito; eu non sei si chove ou nos mexan, pero a verdade é que auga non temos. Vostede, neste tema, minte ata cando pensa, Sr. Alcalde; porque vostede sabe que non é certo o que vostede di; vostede lle vai a subir a auga ós cidadáns e lla vai a subir, sí ou sí; o tempo dará a razón a quen di a verdade. Este punto deixámolo porque é máis do mesmo; sabemos que estamos padecendo a maioría dos cidadáns a crises, e digo a maioría porque vostedes ese problema non o teñen, pero a maioría está vendo como as cousas de consumo, alquileres, soldos, etc., están baixando ou senón se estabilizan. Lle pediría a vostede que empece a dar exemplo co que predica o seu partido que dice que nos baixará os impostos; vólvolle a repetir o mesmo que antes: séntese vostede coa empresa e chegue a acordos que beneficien aos veciños, si é que quere facelo, e llo pido polo ben dos baioneses que estamos vendo como o feito de que vostedes teñan o soldo que teñen os imposibilita para negociar algo que favoreza ós cidadáns e darlle así unha mellor calidade de vida, poñendo un prezo ás cousas que o poidamos pagar todos e non soamente uns poucos, Sr. Alcalde.

**SR.RODAL, PP.**- Decirle al Sr. Amorín que no sé si es por falta de conocimiento ó por ignorancia (no sé cual de las dos será peor) que yo soy el concejal de Medio Ambiente y que este verano (imagino que se referirá usted a esta etapa, desde la época que está más ó menos usted aquí) pues todo lo que fue riego, menos espersión, pero todo lo que es el riego y baldeo pues siempre se hizo en una cisterna y no con agua de la traída. Nosotros tenemos un depósito subterráneo en Los Tendales y también hemos aprovechado un algibe, un depósito subterráneo, que había en el comienzo de Entrehuertas, en el callejón de las Siete Curvas, que llevaba muchísimos años sin utilizarse; hemos estado haciendo el baldeo de viales y el de jardines no con agua de la traída, como usted dice, sino con agua de los depósitos subterráneos; por lo tanto no está usted acertado.

Decirle al Sr. Pereira que esto no se puede dejar encima de la mesa porque está dentro del Pliego de Condiciones; hay una fórmula polinómica, como le he dicho antes, que depende de unos valores, que son el IPC, también es el acero, también la energía, y en este caso es el 4,67; pero sí el incremento que podía haber por parte de la tasa municipal de la conexión a la red, como muchos otros impuestos, no se sube desde el año 2008, entonces no se puede dejar sobre la mesa.

Decirle también, como concejal de Medio Ambiente, en cuanto a la Ordenanza que aprobamos recientemente para un buen uso y gestión del agua, que para hacer buen uso de nuestros baños en dependencias municipales a lo mejor tendríamos que poner dosificadores para que cada vez que tiremos de la cisterna en vez de gastar 12 litros gastemos 6, eso sí es competencia nuestra, como lo son otras instalaciones municipales; y esperemos que también los vecinos tomen esas medidas para ahorrar en agua tanto en duchas como con cualquier otro sistema. Muchas gracias.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**SR.PEREIRA, PSOE.-** Sr.Rodal, no lo dejan en la mesa porque no quieren, porque si desde el 2008 esto estaba inamovible...; probablemente, como decía el Sr.Xose Enrique, lo harán por temas electorales, pues insisto: háganlo ustedes ahora, sáquenlos de la crisis, si tan buenas medidas van a aplicar nos sacan ustedes de la crisis y cuando nosotros estemos recuperados y todo el municipio esté boyante y nademos en la abundancia (cosa que seguramente ocurrirá con el gobierno del Partido Popular) pues súbannos los impuestos todo aquello que consideren conveniente. Nada más.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Rodal, decía vostede que era o responsable de Medio Ambiente, y de Vías y Obras tamén, creo recordar, e eu me imaxino que vostede irá por Sabarís; a rotonda que nos custou 600.000 euros ¿se acorda?, pois durante todo o mes de xullo os aspersores, flamantes, da rotonda de 600.000 euros estiveron encharcando a rotonda de Sabarís; dígame vostede ¿onde está o algibe que subministra a eses aspersores?, ¿non está en Bahiña o algibe?; ¿onde está?.

**SR.RODAL, PP.-** En Los Tendales y en Entrehuertas; en Bahiña no.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Ou sexa que dende Os Tendales vostede, e dende Entrehuertas, manda a auga a Sabarís; non meta vostede o barco nas pedras; en Sabarís, e o veron tódolos veciños e se indignaban, estiveron os aspersores da rotonda de ouro, que o Sr.Feijoo pagou 600.000 euros por ela, uns aspersores flamantes botando auga de día e de noite en plena crises da auga; polo tanto non veña a dicir vostede o que di; non sei si é por ignorancia; alá vostede, vostede saberá.

E acaba de dar un dato importante, que non é certo, pero acaba de dálo: “non se pode deixar encima da mesa porque nos condiciona o Pliego que hai asinado”; ¿se dan conta vostedes que son cautivos, somos cautivos, dunha concesión administrativa, como tódalas privatizacións que se fan?, eu invito ó equipo de goberno que empece a traballar xa que parece ser que quedan sobre 2 anos de concesión, que empece a traballar en recuperar a xestión da auga para que lle salga a tódolos veciños máis barata, porque a fórmula polinómica que vostedes dín se fai para cobrarlle ós veciños o que costa a auga máis o diñeiro que gana Espina e Delfín por facer a xestión; diñeiro que se podería aforrar se a xestión fora pública.

Polo tanto considérenmo e empecen a traballar en olvidarse de privatizar máis servizos, que iso non nos resolve nada; o único que fai é encarecer os servizos ós veciños; iso si: comodidade para o concellal de turno; pero co soldo que cobran ben poderían facer algo máis.

**SR.ALCALDE.-** Dous datos nada máis; este Concello é dos poucos que este ano non sube o IPC; porque onde gobernan o Partido Socialista e o Bloque, por exemplo Vigo, a subir o IPC lle chaman “conxelar”; nós “conxelar” chamamos a non subir nada. En saneamento e abastecemento de auga, hai 2 conceptos: un é a xestión da auga, que se fixo coa concesionaria, por certo: en Pontevedra, en Allariz, teñen concesión de basura, de auga, e de todo; pero falar é moi bonito. Hai 2 aspectos: a conexión á rede de saneamento e de abastecemento, iso é imposto municipal e está conxelado dende 2008; o outro, o outro é o que se firmou polo goberno que estaba, igual que nos outros Concellos, que obriga á subida, unha fórmula que da unha subida que este ano é do 4%; e houbo un Alcalde que non pagou, e tivo que pagar despois iso máis os intereses; é loxicamente nós temos que ser respectuosos cos contratos, e o único das taxas e impostos que se soben son aqueles que estamos obrigados por contrato; ningún máis.

Creo que hai que facer moitas melloras todavía, pero estamos facendo o mínimo en canto a impostos para non subilos, para deixalos como están durante o tempo que dure a crisis económica.

---

**Polo Sr.ALCALDE sométase a votación o presente punto, resultando:**



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**Votos a favor: 9, PP.**

**Votos en contra: 1, UPyD.**

**Abstencións: 5 (4, PSOE; e 1, BNG).**

**E por isto polo que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, ACORDA:**

**Primeiro.- Aprobar LA MODIFICACIÓN DEL ARTÍCULO 5 Y DISPOSICIÓN FINAL DE LA ORDENANZA FISCAL Nº 8, REGULADORA DE LA TASA POR PRESTACIÓN DEL SERVICIO DE SANEAMIENTO:**

**“Artigo 5º. Cota tributaria.**

A cota desta Taxa será a que figura en anexo a esta Ordenanza e foi modificada en sesión plenaria de 06/10/11:

CONCEPTOS	Tarifa
<b>1. Pola concesión da autorización de conexión:</b>	
- Por cada m2. habitable de cada inmovible, independentemente de cada piso ou local, no suposto de propiedade horizontal .....	<b>4,11 €</b>
- Mínimo establecido .....	<b>291,33 €</b>
<b>2. Pola utilización do servizo:</b>	
1.- Por vivenda ou local (sen actividade), cada trimestre .....	<b>11,1740 €</b>
2.- Por establecemento industrial ou comercial, trimestralmente .....	<b>16,7807 €</b>
3.- Hostais, pensións e hoteis, por habitación-trimestralmente ....	<b>1,0773 €</b>
4.- Cámpings, por parcela cada trimestre .....	<b>1,6611 €</b>
<b>3.Conservación de acometidas (€/abonado/mes)</b>	<b>0,4153€</b>
<b>4. Xestión de cobro de impagados, cada un .....</b>	<b>4,38 €</b>
<b>5. Acometidas de saneamento</b>	
Ud. De acometida de auga residual formada por arqueta de Saída, tubaría de 200mm/5atm, incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión ao colector existente, para unha lonxitude máxima de 5 m.	
Zanxa en terra .....	<b>399,02 €</b>
Zanxa en asfalto .....	<b>455,05 €</b>
Zanxa en beirarrúa .....	<b>499,83 €</b>
<b>Nota:</b> Todas estas tarifas veranse incrementadas con o I.V.E. correspondente	



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse con efectos 01/01/2012"

**Segundo.-.** Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública

---

#### **8- APROBACION, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE EXPROIACION DA ACTUACION ILLADA N° 1 DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTORICO ARTISTICO DO CONCELLO DE BAIONA.**

O **SR.ALCALDE** cede a palabra á **SRA.SIMONS, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

#### **PROPUESTA DE ALCALDÍA**

Resultando que el Pleno de la Corporación en fecha 2 de junio de 2011 aprobó de forma definitiva EL Plan Especial del Conjunto Histórico Artístico de Baiona que desarrolla la Ordenanza 5 del PGOU - Conjunto Histórico Artístico según delimitación aprobada por Decreto 48/1993, de 25 de febrero por el que se declara bien de interés cultural con categoría de conjunto histórico la zona antigua de Baiona (PEPCHAB).

Resultando que en fecha 18/02/2011 el Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a la vista de la solicitud del Ayuntamiento de Baiona según acuerdo adoptado por el pleno de la corporación de fecha 16/06/2010 Y al amparo del Real Decreto 2066/2008, do 12 de diciembre por el que se aprueba el Plan Estatal de Vivienda e Rehabilitación 2009-2012, declaró Área de Rehabilitación Integrada al ámbito de la Villa de Baiona no municipio de Baiona (Pontevedra).

El PEPCHAB recoge, entre otras, la ejecución, de la actuación aislada nº1 AA1 para la obtención de un local para la Oficina de Rehabilitación y espacio público "Jardín de Casa de Correa" por el sistema de expropiación y que afectaría a las parcelas referencia catastral 2532410NG1623S0001BJ y parcela 2532411NG1623S1YJ de titularidad, según nota simple del Registro nº4 de Baiona de Dña. Mercedes Álvarez Acal.

De acuerdo con el proyecto de expropiación y documento V- Evaluación Económica del PEPCHAB Las superficies afectadas por la expropiación según el proyecto son las siguientes

Medición de la Actuación Aislada AI1	
Superficie total .....	697,59 m <sup>2</sup>
Superficie construida en planta .....	264,77 m <sup>2</sup>
Superficie total construida.....	661,93 m <sup>2</sup>

Superficie del espacio libre de uso público      432,82

El artículo 29 del Texto Refundido de la ley del Suelo determina "1. La expropiación por razón de la ordenación territorial y urbanística puede aplicarse para las finalidades previstas en la legislación reguladora de dicha ordenación, de conformidad con lo dispuesto en esta Ley y en la Ley de Expropiación Forzosa.

2. La aprobación de los instrumentos de la ordenación territorial y urbanística que determine su legislación reguladora conllevará la declaración de utilidad pública y la necesidad de





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

ocupación de los bienes y derechos correspondientes, cuando dichos instrumentos habiliten para su ejecución y ésta deba producirse por expropiación

El artículo 124 de la LOUG dispone "El municipio podrá promover actuaciones aisladas en suelo urbano para hacer posible la ejecución de elementos concretos previstos por el planeamiento. La obtención de los terrenos necesarios se realizará mediante la aplicación de los mecanismos previstos en el [artículo 166.1 de la presente Ley.](#)" Y el artículo 166.1 del mismo texto legal determina que los terrenos destinados a sistemas generales que hayan de implantarse sobre suelo rústico o urbano consolidado se obtendrán mediante expropiación forzosa, por convenio entre la Administración y el propietario o por permuta forzosa con terrenos del patrimonio municipal del suelo. El apartado 2 de este artículo señala que la expropiación de los terrenos de sistemas generales deberá realizarse dentro de los cinco años siguientes a la aprobación del planeamiento detallado que legitime su ejecución.

En virtud de lo expuesto y de conformidad con el artículo 18 y siguientes de la Ley de Expropiación Forzosa se propone al Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa de Asuntos de Pleno la adopción del siguiente acuerdo.

**Primero.**- Aprobación del expediente de expropiación de los bienes y derechos afectados por la Actuación Aislada nº1 prevista en el Plan Especial del Conjunto Histórico Artístico de Baiona.

**Segundo.**- Someter el expediente al período de información pública por el plazo de veinte días mediante anuncio en el BOP de Pontevedra, un periódico de mayor difusión y notificar a los afectados para los efectos de que presenten las alegaciones y rectificaciones que consideren oportunas.

---

**SRA.VARGAS, PSOE.**- Acaba de decir que son 697.000 m<sup>2</sup>, entonces si mantiene el precio del metro cuadrado seguro que la propietaria, que está aquí, acepta y vende.

Desde el grupo socialista nos parece una decisión equivocada, inoportuna y carente de sentido, por las siguientes razones: la casa que se pretende expropiar con el valor inicial de 397.158 euros está habitada, tiene dueño legítimo, y está en perfecto estado de conservación; sin añadidos ni alteración alguna sobre su estado original.

Otra razón es que existen otros inmuebles en el casco histórico que por su valor, por su estado de ruina, ó por su ubicación, serían más idóneos, y supondrían la recuperación de un elemento patrimonial y vinculado a la historia local, de importancia para la villa de Baiona, como puede ser la Casa de Ceta.

Existen edificios públicos de otras Administraciones que por su valor histórico, su ubicación y estado de ruina, requieren de una actuación integral, como la Casa del Reloj; ubicación idónea para el ARI y para un local destinado a los mayores.

Hay que recordar que en su día se hizo una actuación en el jardín de este edificio para destinarlo a uso público y nunca se destinó a ese fin, permaneciendo todo el año cerrado y en situación de abandono.

En el momento actual parece mucho más fácil y acertado alcanzar un acuerdo con la Administración del Estado que expropiar a un ciudadano.

La propiedad del inmueble está en contra de la expropiación y acudirá a los Tribunales para exigir un importe más elevado, por lo que la actuación prevista se retrasará y posiblemente salga más cara de lo previsto inicialmente, además de privar a una vecina de su propiedad sin que exista causa justificada de utilidad pública ni interés social.

Al importe de la valoración inicial habrá que añadirle los costes de abogado, procurador, e intereses, que tendremos que pagar todos los baioneses. Y por último, en el momento de crisis actual no parece muy adecuado realizar una operación de crédito para comprar un inmueble cuando el Ayuntamiento trata de incrementar la recaudación subiendo el recibo del



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

agua a los vecinos, multando más que nunca por infracciones de tráfico, ó porque supuestamente se depositan bolsas de basura fuera de los contenedores, ó sin realizar el obligado ejercicio de reciclaje.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Dende o BNG queríamos manifestar que a nós nos parece moi ben a adquisición deste inmovible e de feito o presentamos nas alegacións que se facían ó PEPCHAB, non deste inmovible solo, senón da Casa de Ceta e tamén do Convento das Monxas.

E dicíamos iso asumindo tódalas consecuencias pero tamén dicíamos que se debiera de facer consensuando coa propiedade o seu valor, tanto coa Casa de Teresina como co Convento das Monxas, como coa Casa de Ceta; é imprescindible ampliar as instalacións municipais; o aparato administrativo deste Concello non colle neste edificio; é preciso ampliálo. Polo tanto é responsabilidade do goberno buscar fórmulas para súa ampliación; e a nós nos parece acertado ampliálo ata esa zona, ou incluso á que temos enfronte: a Casa de Ceta. Porque ademais podemos recuperar o patrimonio, e é importante; somos meros inquilinos do que temos; simplemente inquilinos. O que non se pode facer, e nós non vamos a defender, é que se bote a unha persoa da súa vivenda en base a unha Lei que por suposto é legal pero que deixa a esa persoa en auténtico desamparo, e o digo por propia experiencia porque a min me expropiaron para facer a autoestrada e me sacaron ó propiedades e unha delas era a miña casa, onde vivía; a finca da casa onde vivía; e tiveron que vender todo e marchar para outro sitio. E una situación angustiada que non lle desexo a ninguén, e máis aínda cando o político de turno, o Sr.Fraga, que presumía de facer autoestradas, tardou en pagarnos 11 anos a expropiación; 11 anos. Houbo xente que foi expropiada que nunca chegou a cobrar porque morreu.

Polo tanto eu creo que non é de interese para o Concello nin para os propietarios entrar en rexímenes expropiatorios; non é de interese para ninguén porque encarece o proceso e ademais se evitan moitos tipos de traumas. Nós abogamos porque haxa un entendemento, pero de verdade; non que se pase o rodillo; o Partido Popular está acostumado, nesta sala, a pasar o rodillo, e a pasarllo ós veciños: "si queres esto, ben; e senón te expropio"; non estamos de acordo. E isto se fai con algúns veciños pero non se fai co clero, "co clero topamos".

Nos estamos de acordo en adquirir a propiedade, pero sentándose coa propiedade e negociando, e chegar a un acordo; será ben para uns e para outros; porque senón pasará o tempo, acabaremos todos no Xulgado, e ó final pasará o que pasará, e temos a mala experiencia de Xulgados con este goberno: hai que pagar ó Arquitecto, hai que pagar a todo o mundo, perdémolos todos. Polo tanto, como esa é a nosa experiencia, para nós si vostedes traen aquí un acordo coa propiedade votámolo a favor porque consideramos que é un inmovible digno para engadir a este Concello; pero non nos veñan a pedir que entremos nun réximen expropiatorio porque o que non queremos para nós non o queremos para os demais tampouco. Nada máis.

**SR.AMORIN, UPyD.-** Vostede fai aquí unha reflexión pola que se expropia un ben a un veciño pero o que non dí é que vostede é incapáz de negociar un xustiprezo, para que as partes non salgan prexudicadas; vostede se encerra no Concello e tira polo camiño máis corto: hurtándolle a propiedade a un veciño sen importarlle o dano que esta decisión cause. Vostede non é unha persoa humilde, Sr.Presidente, que se sente a razoar cun veciño cando ten que razoar algo; escudándose vostede en informes dos seus técnicos deixa caer todo o peso do seu poder sen ningún tipo de miramento unha vez máis. A min me gustaría saber (espero que isto lle pegue a risa) si esta propiedade fora doutra familia, dalgunha familia economicamente importante, acaudalada, que no seu tempo houberan sido armadores, industrias, hoteleros, etc., ou algo polo estilo, se vostede faría o mesmo; quédese coa onda e despois contésteme si faría o mesmo.

Mire, os lexítimos donos da Casa de Teresina se defenderán e pedirán un xustiprezo, e cando o fagan os veciños teremos que pagarlle non o que vostede di senón o que o Xuíz dictamine,



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

que estou seguro de que será bastante máis do que vostede di nesta proposta. Pero non se preocupe que estaremos aquí e lle pediremos responsabilidades, Sr. Alcalde.

Por outro lado quero recordarlle que a praza deste Concello no seu día foi negociada cos propietarios, chegando a acordos que beneficiaron ás partes; sen utilizar a expropiación ou usurpación dos bens a un veciño por unha decisión caprichosa do Alcalde de turno. Que me gustaría saber porqué se expropia a casa de Teresina e non a de Ceta; estou seguro que é polo que dixen antes: porque os propietarios chámanse de distinta forma. Vostede quere expropiar a casa e despois non ten diñeiro para arreglála; e seguiremos tendo un morto máis ás espaldas dos impostos dos cidadás. Eu lle propono que colla vostede o diñeiro que vai a gastar nesa casa, que o sume o que vai a gastar na fachada da Plaza de Abastos, e que faga vostede un edificio na avenida dos contenedores ubicando un novo Concello nunhas oficinas modernas; sacando ás persoas que están hacinadas nestas dependencias, algunhas delas en situación insalubre, como podemos ver na parte baixa deste edificio; e cando vostede teña unha nova instalación e haxa trasladado o Concello a ela, entón vostede pode facer nesta Casa o que pretende facer na casa de Teresina, e desta maneira non lle carga vostede un morto máis ós impostos dos veciños cunha casa en ruínas. Nada máis.

**SRA.SIMONS, PP.-** Lo que se trae a este Pleno es el inicio de un expediente de expropiación para el cual se somete a información pública, como ya se comentó, y se notifica a los afectados; ahora mismo el proceso es que la parte afectada lo que hará será proponer lo que ellos determinen. Lo que me parece de una total descalificación, no por parte del BNG, porque el BNG sí que hizo alegaciones al Plan Especial, pero el resto de personas que están hablando sobre si el INSS u otro tipo de edificaciones a expropiar, desde luego ni vieron el documento ni saben que ya estuvo a exposición pública en dos ocasiones. Con respecto a la Casa de Ceta lo que hay es un convenio firmado; desde luego en esta posición en la que se encuentra ahora mismo el documento de expropiación, en ningún momento está cerrado ni a un convenio ni a ningún diálogo con la propietaria; simplemente se está iniciando un procedimiento. Muchísimas gracias.

**SRA.VARGAS, PSOE.-** Decir que el PSOE sí presentó alegaciones, pero en ninguna se pedía ninguna expropiación; nos oponíamos a la expropiación de los inmuebles.

También pensamos que este dinero que se va a invertir en ésto sería máis rentable utilizarlo en contratación de Policías ó en dotación de medios para ellos, en los pagos para el agua de Vigo, en no subir la tasa del agua, y en mantenimiento de alumbrado y caminos, por exemplo.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sra.Concelleira, Ana Simons, si vostede chega a un acordo coa propiedade conte co noso voto; pero ademais vou a pedir outra cousa: a ver se conseguen, dunha vez por todas, que o Sr.Feijoo faga algunha inversión en inmobles en Baiona, e polo menos pague parte da factura, porque aquí os últimos que inverteron en inmobles neste Concello foi o bipartito que vostedes tanto critican. En todo caso que se vexa que temos un Goberno amigo na Xunta de Galiza. Se vostedes conseguen eso, conten co noso voto sen lugar a dudas.

**SR.AMORIN, UPyD.-** Volvo a dicir o mesmo: trate vostede de sentarse coa familia, cos lexítimos donos da propiedade, e chegue a un acordo con eles, si é que pode; eu creo que é a sua obrigación chegar a ese acordo; e senón pode fíxese vostede noutra presa, Sr. Alcalde, que ten varias arredor, e non teña fixación cunha.

**SR.ALCALDE.-** E fácil aplicar a demagogia pero isto está dentro dun Plan que se fixo e que se aprobou, e a taxación non a fai o Alcalde, loxicamente, senón que a fan os técnicos municipais; é un período que como dicía a Sra.Simons está aberto para que non haxa nunca indefensión; entendemos que esa propiedade forma unha manzana conectada co Concello e iso é importante, e así o dicía o Plan Especial. Dicir tamén que recordo fai poucos anos, creo que foi no 2006, 2007, moitos integrantes que están hoxe aquí, en especial o Sr.Fernández,



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

votou a favor da expropiación dos terreos de Baredo para a depuradora pero despois votou en contra do prezo; o prezo que se puxo para a depuradora non o puxo o Alcalde tampouco naquel momento; o puxeron os técnicos, e o Xurado de xustiprezo acaba de dar a razón ó Concello; é dicir, que aquela valoración que fixeron os técnicos municipais parece que era a correcta.

A min gustaríame pode chegar a unha negociación á alta, pero eu son o Alcalde de Baiona, non poseo Baiona; eu teño unha representación e teño que basarme en informes técnicos para ofrecer cantidades, non hai outra; ¿quén está por encima miña?: dende logo están o Xulgado, o Tribunal de xustiprezo, sempre primeiro os Tribunais, e eu non podo facer outra cousa; o Alcalde non pode ofrecer máis do que os técnicos dicen que vale, se o fixera estaría cometendo un grave delito e non podo facelo.

Para nada o Alcalde elixe según antecedentes familiares, non; pode ser que outras persoas actúen así; eu non; eu actúo da forma que considero xusta en cada momento e non por antecedentes; e dende logo non se veu de quen era ou de quen non era, de feito incluso se intentou unha negociación previa coa anterior propietaria e non foi posible tampouco naquel momento; se intentou despois e tampouco foi posible, entón vamos a seguir o proceso. Si chegamos a un acordo neste proceso (que se pode chegar todavía) pois encantados todos; dende logo para min sería moito mellor, moito máis defendible, e máis correcto, pero non podemos estirar onde non se pode. Vamos a intentalo.

---

**Polo Sr.ALCALDE sométese a votación o presente punto, resultando:**

**Votos a favor: 9, PP.**

**Votos en contra: 5 (4, PSOE; 1, UPyD).**

**Abstencións: 1,BNG.**

**E por isto polo que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, ACORDA:**

**Primeiro.-** Aproba-lo expediente de expropiación dos bens e dereitos afectados pola Actuación Illada nº1 prevista no Plan Especial do Conxnto Histórico Artístico de Baiona.

**Segundo.-**Somete-lo expediente ó período de información pública polo prazo de vinte días mediante anuncio no BOP de Pontevedra, nun periódico de maior difusión e notificar ós afectados para os efectos de que presenten as alegacións e rectificacións que consideren oportunas.

**9.- APROBACION, SE PROCEDE, DA DENUNCIA DO I ACORDO REGULADOR/CONVENIO COLECTIVO DO CONCELLO DE BAIONA.**

O **SR.ALCALDE** cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

**PROPOSTA DA ALCALDIA**

Resultando que no Concello de Baiona as relacións das condicións de traballo do persoal do Concello, funcionario ou laboral, rixéñse o I Acordo Regulador/Convenio Colectivo do Concello de Baiona publicado no BOP de Pontevedra núm. 166 de data 28/08/1996 e que a data de hoxe continua vixente

Que dende que entrou en vigor o convenio, no ano 1996 ata a data de hoxe houbo moitos cambios legislativos, que en virtude do principios de xerarquía e reserva de lei deixaron sen efectos moitos dos artigos do convenio, entre eles, a Lei 7/2007, do 28 de marzo do Estatuto Básico do Empregado público, normativa de carácter básico ditada ó amparo do artigo



## EXCMO. CONCELLO

DE

## BAIONA

(PONTEVEDRA)

149.1.18ª e 149.1.13ª da Constitución e Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, sucesivas modificacións do Estatuto dos Traballadores.

O artigo 38 do Estatuto Básico do Empregado Público dispón "11. Salvo acordo en contrario, los Pactos y Acuerdos se prorrogarán de año en año si no mediara denuncia expresa de una de las partes."

O artigo 86 do Estatuto dos Traballadores determina "2. Salvo pacto en contrario, los convenios colectivos se prorrogarán de año en año si no mediara denuncia expresa de las partes.

3. La vigencia de un convenio colectivo, una vez denunciado y concluida la duración pactada, se producirá en los términos que se hubiesen establecido en el propio convenio."

Considerando que o artigo 2 I Acordo Regulador/Convenio Colectivo do Concello de Baiona sinala "*O presente acordo terá vixencia desde a data da súa aprobación polo órgano de goberno competente, tendo efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 1996, agás no concepto de gratificacións e horas extraordinarias sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra, e manteranse ata o 31 de decembro de 1997.*" O artigo 4 do Acordo sinala "*O presente acordo considerase tácitamente prorrogado por periodos anuais se non mediase denuncia dalgunha das partes cun prazo de preaviso de dous meses respecto da data na que remata a vixencia do mesmo, ou se non houbese acordo no proceso negociador para a súa renovación.*"

E por isto polo que esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación

**Primeiro.-** Denunciar o I Acordo Regulador/Convenio Colectivo do Concello de Baiona publicado no BOP de Pontevedra núm. 166 de data 28/08/1996 conforme o disposto no seu artigo 4.

**Segundo.-** Notificar ós Delegados de Persoal, ó Comité de Empresa e os sindicatos ANPE SINDICATO INDEPENDIENTE, CENTRAL SINDICAL INDEPENDIENTE DE FUNCIONARIOS, CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES, COMISIONS OBREIRAS DE GALICIA, CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, UNION XERAL DE TRABALLADORES

**Terceiro.-** Dar conta do acordo á Subdelegación do Goberno en Pontevedra e Consellería de Trabajo e Benestar.

**Cuarto.-** Compromiso do Concello de Baiona de convocar ós Delegados de personal e Comité de Empresa máis Sindicatos para fixar un calendario de negociacións.

---

**SR.PEREIRA, PSOE.-** Sr.Alcalde, eu quero dicir que este punto volve a pór de manifesto a inactividade, a deixadez, e sobre todo a falta de compromiso deste goberno local cos traballadores; incluso con persoas que contribúen de forma directa á prestación dos servizos para mellora da calidade de vida dos baioneses.

Dende o grupo socialista entendemos que non corresponde a denuncia do Convenio colectivo sen haber empezado as negociacións cos representantes dos traballadores para dar luz a un novo Convenio; é así, nese momento, cando hai negociacións, cando se está negociando, cando hai posibilidades de chegar a acordos nos que se recollan as reivindicacións que diversos colectivos deste Concello veñen facendo ó longo de todos estes anos, porque hai que dicir que este Convenio leva 15 anos en vigor, non foi denunciado ata agora, entendemos que non corresponde a denuncia agora. Hai que sentarse co Comité de empresa, hai que empezar a negociar, e despois de que se teña avanzada a negociación hai que facer a denuncia; non corresponde facela así, traela ó Pleno incluso sen haberlle dado traslado ó representante dos



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

traballadores deste Concello de que se vaia denunciar ese Convenio. Hoxe, esta mañán, antes de entrar aquí, o Comité de empresa deste Concello non tiña coñecemento de que isto viña ó Pleno; non tiña coñecemento oficial, evidentemente; de forma oficial non o tiña, non se lle deu traslado.

Entendemos que con esta denuncia vostedes pretenden dar unha volta máis de tuerca nos recortes dos dereitos dos traballadores deste Concello, e polo tanto, como consideramos que non corresponde a denuncia sen antes sentarse, pedimos que este acordo quede tamén sobre a mesa, que se senten, que empecen as negociacións, e que unha vez que teñan un borrador máis ou menos consensuado, que fagan vostedes a denuncia.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Que eu recorde, dende que estou na política municipal é a primeira vez que se recorre a un sistema destes para chegar a acordos, para sentarse a negociar cos traballadores; eu non recordo tal manobra e entra dentro do organigrama municipal, pero eu ante esta situación nova, novedosa, me reunín cos membros do Comité, falei con eles, e dicen que non entenden porqué motivo aínda que o comprenden porque o que si hai é unha falta de talante absoluta, un pase de rodillo que a nós non nos extrana porque si o fan con nós aquí no Pleno moito máis o farán cos traballadores; polo tanto nós non estamos de acordo con esta denuncia, Sr.Alcalde; vamos a votar en contra e creemos que o goberno municipal debiera de empezar a preocuparse, senón o fixo, porque está claro que non o fixo, nin a preocuparse nin tampouco fixo os deberes, para empezar a resolver estes problemas que acosan á convivencia neste Concello e que cada día preocupan máis á poboación xa que como vostede haberá leido, como o lin eu, na prensa esta semana, concretamente o día 4, onde se denunciaba que Baiona alcanza o 12,06% de parados; alcanza a cifra de 1.030 parados; a suba do paro entre agosto e setembro foi dun 8,88%; 84 persoas nese período. Polo tanto, si a media do incremento do paro para toda a autonomía estivo no 7,79, e nós estamos no 12,06, vostede ten que tomar cartas no asunto. Xa o levamos dito moitas veces: cando se está na oposición (como está o Sr.Rajoy agora mesmo) fala e fala e fai propostas, e cando está no goberno se lle ocorre facer de inxeniero da plastilina dicindo que o Prestige que se ía solidificar e que ía ir ó fondo; pois non foi ó fondo; pónanse vostedes a dar exemplo, e agora xa non ten a quen botále a culpa, solo a Zapatero, que seguro que algo de culpa terá. Por favor, tome cartas no asunto e empece pola casa; séntese cos traballadores, chegue a acordos, e a ver se dunha vez por todas chegamos a coñecer a IRPT tan famosa; xa me empeza a parecer o camiño de Gabín que durante 20 anos estivo sen asfaltar e por fin se asfaltou, se hormigonou; por fin, despois de máis de 25 anos de democracia o camiño de Gabín foi hormigonado.

Creo que este é un tema moi serio e que debe de sentarse cos traballadores, que os ten enfrentados agora mesmo a todos contra o goberno, e que os está levando o Xulgado e como decía antes "é que perdemos tódolos pleitos"; cambie de asesores, ou cambie de abogados, ou non sei, pero ao mellor é que teñen razón; ao mellor é que os avogados por moi bos que sexan non poden facer nada; polo tanto eu lle convido a que se sente e que negocie, que non vaia pola brava. Nada máis.

**SR.AMORIN, UPyD.-** Eu lle preguntaría porqué se denuncia este convenio agora; e non soamente sen que o Comité de empresa se entere senón nin sequera a responsable do persoal do Concello sabía nada de que se ía a denunciar o Convenio; estou falando da súa concelleira; enterouse igual que nos enteramos todos: pola prensa ou por algo, pero ela directamente non o sabía; é algo que non se pode explicar.

Despois de tanto tempo quere vostede denunciar nestes momentos este convenio que foi negociado sendo este que lle fala concelleiro, que xa choveu; claro que vostede non necesita pórse a aprobar ningún convenio para pórse o soldo, por iso do resto olvídense un pouco. Espero que sexa capaz (porque sei que isto se vai a aprobar, aínda que eu vote en contra), na medida do posible, de buscar o equilibrio entre os traballadores, dándolle un soldo digno ós que non o teñen e baixándose o soldo aqueles que están cobrando soldos millonarios, que un Concello, Sr.Alcalde, non se o pode permitir dado o presuposto que temos e a situación



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

económica que estamos atravesando; e fágao sen complexos, Sr.Alcalde; penso que iso lle dará a vostede respaldo político.

Por outro lado ten que ter vostede coidado e ser responsable co que está pasando cos traballadores do Concello; me refiro á responsabilidade que vostede ten no despido dun arquitecto e na contratación doutro, tendo que readmitir de novo ó primeiro, e vostede colle e despide ó segundo; e teña vostede por seguro que terá que readmitilo de novo e pagarlle o tempo que estivo na casa contando nubes.

Nestes momentos ten vostede máis arquitectos que Policía Local; espero que vostede aproveite esta ocasión para negociar problemas que ten coa Policía e faga o posible por facer un equipo de seguridade digno, que non teña a menor dúbida de que lle darán solución a moitos problemas que vostede ten na calle; solo ten vostede que gobernar e ser coherente; moitas grazas.

**SR.ALCALDE.**- Unicamente dicirle que pese a que vostede negociou o convenio este que hoxe denunciámos, ten que ser nesta data porque ten que ser con 2 meses de antelación a finalizar o ano.

Corresponde a este Pleno e loxicamente xa hai borrador de Convenio, temos todos copia; senón o tes, mañá te traigo un onde pon o nome do Sindicato que deu ese borrador.

Dicirle ós Sindicatos que é, unha vez que o Pleno, que é soberano, tome esta decisión; si este Pleno non toma esta decisión non se pode anunciar nada ós Sindicatos; neste momento, cando vaíamos á votación, será aprobada a denuncia; entón se comunicará, loxicamente.

Pero quero dicirle que levamos moito tempo denunciando o Convenio, e que temos borradores co nome do Sindicato.

**SR.AMORIN, UPyD.**- Eu sei que vostede de traballo entende pouco, e de traballadores menos; mire, cando se denuncia un convenio se fai para mellorar o existente; e antes de denuncialo teñen que chegar a un pre-acordo as partes para denuncia-lo convenio; non me diga que non é así.

**SR.ALCALDE.**- A denuncia é por calquera das partes; iso é así; non me diga cousas que non son. O acordo, o convenio, precisamente xa empeza por ser ilegal porque isto se fixo cando era un mesmo documento, hoxe en día non pode ser un mesmo documento, ten que ser dous documentos distintos. Non cumpre a normativa, polo tanto hai que cambialo; non sei si para melloralo ou non melloralo, pero dende logo para que cumpra a Lei; temos que facelo así.

---

**Tralo debate polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando: 9 votos a favor, (PP), e 6 votos en contra (4, PSOE, 1, BNG, 1, UPyD).**

**É por isto que o Pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros adopta o seguinte ACORDO:**

**Primero.-** Denunciar o I Acordo Regulador/Convenio Colectivo do Concello de Baiona publicado no BOP de Pontevedra núm. 166 de data 28/08/1996 conforme o disposto no seu artigo 4.

**Segundo.-** Notificar ós Delegados de Persoal, ó Comité de Empresa e os sindicatos ANPE SINDICATO INDEPENDIENTE, CENTRAL SINDICAL INDEPENDIENTE DE FUNCIONARIOS, CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES, COMISIONS OBREIRAS DE GALICIA, CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, UNION XERAL DE TRABALLADORES.

**Terceiro.-** Dar conta do acordo á Subdelegación do Goberno en Pontevedra e Consellería de Traballo e Benestar.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**Cuarto.-** Compromiso do Concello de Baiona de convocar ós Delegados de personal e Comité de Empresa máis Sindicatos para fixar un calendario de negociacións.

**10.- APROBACION, SE PROCEDE, DA DELEGACION NO ORAL DAS FACULTADES DE COLABORACION NA TRAMITACION DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRAFICO E O EJERCICIO DIRECTO DAS FACULTADES DE RECADACION EN PERIODO VOLUNTARIO E EXECUTIVOS DAS DEBEDAS CORRESPONDENTES A SANCIONS POR INFRACCION A NORMATIVA XERAL REGULADORA DO TRAFICO, CIRCULACION DE VEHICULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA E AS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE CIRCULACION.**

O **SR.ALCALDE** cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que o artigo 25.1 en relación co artigo 25.2.g) reconece ó municipio no ámbito das súas competencias a facultade da prestación de cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal e a exercer as competencias nos termo da lexislación do Estado e da Comunidade en materia como é a ordenación do tráfico de vehículos. A estes efectos o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo atribúe ós municipios, entre outras a competencia na ordenación e control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías, e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

Resultando que na actualidade o servizo de xestión do procedemento sancionador en materia de tráfico e seguridade vial do concello de Baiona véñense prestando pola empresa RECYGES, S.L. en virtude de contrato administrativo asinado en data en data 7 de novembro de 2008 cun prazo de duración de dous anos prorrogables por outros dous, e actualmente prorrogado polo prazo dun ano por Resolución de Alcaldía de data 5 de novembro de 2010, e que finaliza o próximo mes de novembro.

Visto o informe de Intervención nº 89/11 de data 22 de setembro no que se informa o seguinte: *“O servizo de xestión, e recadación en período voluntario e executivo das sancións en materia e tráfico xestiónase actualmente pola empresa RECYGES, SL. De acordo co contrato asinado, a prestación de este servizo ten un custe para o Concello do 21,50 % mais IVA do 18 %, o que supón un total do 25,37 % do importe recadado tanto en vía voluntaria como en vía executiva.*

*Ademais de este custe o Concello asume o custe do envío por correo de tódalas sancións que se xestionen, tendo en conta que ditas cartas deben ser enviadas con acuse de recibo, para ter constancia da súa recepción polo interesado, o importe que o Concello asume en concepto de gastos de correos ascende anualmente de maneira aproximada ós 5000 €.*

*Fronte a estes custes o ORAL, segundo a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polos servizos de xestión, inspección e recadación que se prestan polo mesmo, publicada no BOP nº 81 de 30/04/10, establece as seguintes taxas para a xestión e recadación de sancións de tráfico:*

- *Recadación en vía voluntaria de sancións de tráfico: 4 %.*
- *Servizo de colaboración na xestión das sancións de tráfico, para os concellos que teñan delegada a xestión dos tributos de imposición obrigatoria ( como e o caso de Baiona): 16 %.*
- *Bonificación do 3 % na colaboración das xestións de tráfico para os concellos que emitan a gravación de tódalas denuncias a través dos medios telemáticos facilitados polo ORAL.*





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

- *Recadación en executiva: o ORAL percibe o importe dos recargos que correspondan, pero os intereses de demora xenerados pola vía executiva, son na súa totalidade ingreso do Concello*

*Como se observa o importe a abonar polo Concello de Baiona ao ORAL ascendería ó **17 %** (16+4-3), o que supón un aforro fronte ó 25,37 % actual que factura a empresa RECYGES, SL. Pero ademais existe outro aforro de custe importante, como e a asunción polo ORAL dos gastos de correo de envío das notificacións das sancións, e que anteriormente estimouse en 5000 € anuais”.*

Visto informe de secretaría de data 22/09/2011 no que fai constar: “Revisado o Regulamento de Servizo de colaboración na xestión de sancións de tráfico aprobado polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra e publicado no BOP núm. 118 de data 23/06/2010 que rexe as relacións Concellos- Oral en virtude de convenio, cabe destacar o uso das novas tecnoloxías na tramitación dos expedientes coa gravación na aplicación informática das denuncias nun período máximo de tres días o cal permite a axilización na tramitación dos expedientes sancionadores e polo tanto maior eficacia na xestión administrativa. Así mesmo permítese a través da dixitalización dos expedientes un seguimento do estado de tramitación dos mesmos mellorando así o servizo ó cidadán.”

O artigo 106 da LRBRL e artigo 7 e 8 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que é competencia das entidades Locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios sen prexuízo das delegacións que se poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior e as fórmulas de colaboración con outras entidades locais.

Proponse ó Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**1.-** Delegar no Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL) de acordo co disposto nos artigos 7 e 8 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ás facultades de:

Colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de tráfico e o exercicio directo das facultades de recadación en período voluntario e executivo das débedas correspondentes a sancións por infracción á normativa xeral reguladora do Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e ás Ordenanzas Municipais de Circulación.

**2.-** A delegación sométese as condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en data 20/07/92, na vixente Ordenanza reguladora da taxa por prestación de servizos polo ORAL aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, nos Estatutos do Organismo Autónomo de Xestión de Recursos Locais publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 26/08/2004, no Regulamento do Servizo de Colaboración na Xestión das Sancións de Tráfico publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 118 de 23/06/2010, e nos criterios de tramitación do procedemento de constrinximento aprobado polo Consello Reitor do Organismo na sesión extraordinaria de data 29/05/2009 e será levada a cabo polo ORAL-Deputación de Pontevedra.

Ambas partes conveñen en a cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente, as contidas no Regulamento do Servizo. Especialmente, temos que poñer relevancia na asunción, por parte do ORAL-Deputación de Pontevedra, da defensa e representación ante os órganos xurisdiccionais, tanto por actos ditados en vía disciplinaria como recadatoria; e, por parte do Concello, a necesidade de



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

cumplir cos prazos establecidos no Regulamento citado, relativos á gravación das denuncias e devolución da documentación trasladada polo ORAL, así como proporcionarlle ó ORAL-Deputación os instrumentos necesarios, entre os que destaca o de subscrición, para facilitar a tramitación da documentación que sustenta o procedemento sancionador en materia de tráfico.

**3.-** A presente delegación entrará en vigor unha vez finalice o contrato asinado coa empresa RECYGES, S.L., no vindeiro mes de novembro

**4.-** Facultar ó señor alcalde-presidente para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra así coma os demais documentos que procedan.

**CONTINUA.-** O que propómos neste punto supón unhas melloras de máis, menos, anualmente, con respecto ó ano pasado, de 7.000 euros de aforro pola xestión máis 5.000 euros, como se comentou, de correos; ou sexa, sería un aforro anual de entre 10.000 e 12.000 euros.

**SRA.DOMINGUEZ, PSOE.-** Sr.Rodal, hay algo que me llama la atención porque si leemos la propuesta de la Alcaldía dice: "A estes efectos o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo atribúe ós municipios, entre outras a competencia na ordenación e control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios,..", esto hila un poco con lo anterior; o sea, conocen ustedes la obligación de tener un servicio de Policía, agentes, de controlar el tráfico, etc., a ver si les ayuda a mejorar y ampliar un poquito la dotación de Policías, agentes, y dotación de medios para efectuar el control, y sobre todo el exceso de velocidad, y el alcoholímetro.

Entiendo en esta propuesta que fue de ustedes la idea de privatizar en su momento la gestión de la tramitación de las multas; y recuerdo que en aquel momento se había hablado de que era más rentable para el Ayuntamiento por la imposibilidad de la tramitación del expediente sancionador por medios locales, y el ORAL en aquel momento tampoco ofrecía lo que está ofreciendo ahora que es la tramitación de los expedientes directamente por ellos; entonces, si nos podemos evitar un gasto, estupendo, fenomenal. Espero que funcione el ORAL, porque antes no funcionaba; funcionaba francamente mal y de hecho los Ayuntamientos empezaron a utilizar otros servicios, los propios ó los privados; pero si funciona y es un tema de administración y ahorro del gasto pues nos parece muy bien. Vamos a votar a favor.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Como ben sabe todo o mundo, somos contrarios ás privatizacións dos servizos públicos, pero en todo hai excepcións e esta foi unha delas. Teño que recoñecer que Isabel despistouse nesta cuestión porque esta foi unha iniciativa de goberno BNG-PSOE, e a presenteí eu precisamente, e se fixo despois de facer un estudio de tódalas empresas que se adicaban a este tipo de xestións, simplemente porque é inasumible para un Concello pequeno como o noso levar unha xestión deste tipo. Polo tanto, a pesares de cómo cobran, do porcentaxe co que se quedan pola xestión, hai que recoñecer que funcionaban; a pesares do que lle costaba ó Concello os ingresos que podería ter. A empresa funcionou penso que ben, de feito este goberno renovoulle o contrato, funcionou ben, e naquel momento nós pretendemos que o fixera un organismo público, e non existía; por iso houbo que acudir a este tipo de xestión. Agora mesmo a Deputación o fai e polo que teño entendido, o fai ben; me refiro non soamente ós trámites administrativos senón as garantías e a seriedade, e polo tanto é hora de cambiar; é hora de cambiar porque se lle acaba o contrato. Eu neste caso teño que felicitar ó equipo de goberno porque estivo atento e vai a levar a cuestión adiante; polo tanto o noso apoio é incondicional.

**SR.AMORIN, UPyD.-** Tamén estou a favor neste punto.



EXCMO. CONCELO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.-** Coa empresa saínte, RECYGES, non tivemos ningún problema; traballou ben, fixo as cousas ben; de feito nós sacamos un concurso e se presentaban outras empresas e sacaron os mellores números, o estaba facendo ben; o que pasa é que pelexar coa Deputación, que neste momento está un programa informático avanzado, novas tecnoloxías, que nos van a dar os mecanismos para que a Policía poda utilizar, loxicamente é difícil de competir; pero non é un demérito á empresa; a empresa funcionou correctamente facendo unha boa labor.

---

**Polo Sr.ALCALDE sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes: 14 (9, PP; 3,PSOE, non está o Sr.Pereira; 2, BNG, 1, UPyD).**

E por isto polo que o Pleno da Corporación, por unanimidade, **ACORDA:**

**1.-** Delegar no Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL) de acordo co disposto nos artigos 7 e 8 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ás facultades de:

Colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de tráfico e o exercicio directo das facultades de recadación en período voluntario e executivo das débedas correspondentes a sancións por infracción á normativa xeral reguladora do Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e ás Ordenanzas Municipais de Circulación.

**2.-** A delegación sométese as condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en data 20/07/92, na vixente Ordenanza reguladora da taxa por prestación de servizos polo ORAL aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, nos Estatutos do Organismo Autónomo de Xestión de Recursos Locais publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 26/08/2004, no Regulamento do Servizo de Colaboración na Xestión das Sancións de Tráfico publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 118 de 23/06/2010, e nos criterios de tramitación do procedemento de constrinximento aprobado polo Consello Reitor do Organismo na sesión extraordinaria de data 29/05/2009 e será levada a cabo polo ORAL-Deputación de Pontevedra.

Ambas partes conveñen en a cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente, as contidas no Regulamento do Servizo. Especialmente, temos que poñer relevancia na asunción, por parte do ORAL-Deputación de Pontevedra, da defensa e representación ante os órganos xurisdicionais, tanto por actos ditados en vía disciplinaria como recadatoria; e, por parte do Concello, a necesidade de cumprir cos prazos establecidos no Regulamento citado, relativos á gravación das denuncias e devolución da documentación trasladada polo ORAL, así como proporcionarlle ó ORAL-Deputación os instrumentos necesarios, entre os que destaca o de subscripción, para facilitar a tramitación da documentación que sustenta o procedemento sancionador en materia de tráfico.

**3.-** A presente delegación entrará en vigor unha vez finalice o contrato asinado coa empresa RECYGES, S.L., no vindeiro mes de novembro



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

4.- Facultar ó señor alcalde-presidente para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra así coma os demais documentos que procedan.

---

(Neste intre incorpórase á sesión o Sr.Pereira, PSOE)

---

**11.- APROBACION PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL Nº 6 DO PXOU.**

O **SR.ALCALDE** cede a palabra á **SRA.SIMONS, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que en data 4/08/2011 o Pleno da Corporación prestou aprobación provisional a modificación puntual nº6 do Plan Xeral de Ordenación urbanística do Concello de Baiona consistente na modificación do artigo 4.1.6.2 Condicións de locais, apartado 4 relativo a altura destes, nos seguintes termos:

*"4.- Os comercios que se establezan en nivel inferior á planta baixa, non poderán ser independentes do local inmediato superior, estando unidos a este por escaleira cun ancho mínimo de 1 metro. **A altura libre mínima dos locais comerciais será de 3 metros, - salvo aqueles que fosen construídos con anterioridade á entrada en vigor do presente PGOU, onde se poderá reducir esta altura ata os 2,50 metros, sempre e cando se adapten ás condicións esixidas pola regulamentación vixente e demais normativas sectoriais de aplicación, e en particular, á de seguridade e saúde nos lugares de traballo-, e os semisotos que poderán ter unha altura libre mínima de 2,70 metros.**"*

Segundo.- Remitir el expediente completo a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para su aprobación definitiva de conformidad con el artículo 85.7 de la LOUG." Logo da remisión do expediente en data 6/09/2011 núm. RE 6358 a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas devolve o expediente requirindo a subsanación do documento

- Remisión de tres orixinais debidamente dilixenciados segundo o disposto no RD 2159/1978, de 23 de xuño.

- Titulación do redactor non axeitada e informe dos servizos técnicos segundo o artigo 85.1 da LOUG.

En data 22/09/2011 o Arquitecto Municipal, Faustino Mena Mur, Arquitecto técnico D. Rubén. M. Vázquez Pérez e a Secretaria do Concello subscriben a modificación puntual.

Considerando que o artigo 84 da LOUG "1. A redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico efectuarana facultativos ou facultativas coa correspondente titulación universitaria. 2. A redacción do proxecto de plan xeral deberá ser realizada por un equipo multidisciplinar formado por un mínimo de tres especialistas con titulación universitaria de segundo ou terceiro ciclos, dos que, polo menos, un deles terá que ser **arquitecto ou arquitecta ou enxeñeiro ou enxeñeira de camiños, canles e portos.**"

Considerando que a Modificación puntual foi redactada polos técnicos municipais e o artigo 93.4 da LOUG dispón "4. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do disposto no artigo 62 desta lei.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**As modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial ao que fai referencia o artigo 85.1 desta lei."**

E por isto que á vista dos informe técnicos e xurídicos enténdese subsanadas as deficiencias propónse ós membros do Pleno previo ditame da Comisión informativa de Asuntos de Pleno a adopción do presente acordo:

**Primeiro.**- Aprobar provisionalmente a modificación puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación urbanística do Concello de Baiona consistente na modificación do artigo 4.1.6.2 Condicións de locais nos seguintes termos,

*"4.- Os comercios que se establezan en nivel inferior á planta baixa, non poderán ser independentes do local inmediato superior, estando unidos a este por escaleira cun ancho mínimo de 1 metro. **A altura libre mínima dos locais comerciais será de 3 metros, - salvo aqueles que fosen construídos con anterioridade á entrada en vigor do presente PGOU, onde se poderá reducir esta altura ata os 2,50 metros, sempre e cando se adapten ás condicións esixidas pola regulamentación vixente e demais normativas sectoriais de aplicación, e en particular, á de seguridade e saúde nos lugares de traballo-, e os semisotos que poderán ter unha altura libre mínima de 2,70 metros."***

**Segundo.**- Remitir el expediente completo a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para su aprobación definitiva de conformidad con el artículo 85.7 de la LOUG.

---

**CONTINUA.**- Simplemente reiterar, como fue en el anterior Pleno, que lo único que se pretende es potenciar y dinamizar la economía de los baioneses. Muchas gracias.

**SRA.DOMINGUEZ, PSOE.**- Vuelven a traer al Pleno un tema que efectivamente ya fué, en el que nosotros nos habíamos posicionado y habíamos hecho unas advertencias en cuanto al incumplimiento legal; es una lástima que sigan sin aprovechar la oportunidad. Conforme a la intervención del Pleno anterior, recordar que la Ley 8/1997 de 20 de agosto, de accesibilidad de Galicia, en la que todos estábamos de acuerdo que establece que la escalera tiene que ser de un mínimo de 1,20, también estábamos todos de acuerdo que el artículo 33.1 dice que "Corresponde a los Ayuntamientos y a la Administración autonómica, en el ámbito de sus respectivas competencias, exigir y verificar el cumplimiento de lo dispuesto en la presente Ley, en las aprobaciones de instrumentos urbanísticos y en el otorgamiento de licencias"; el punto 2 dice: "A estos efectos los distintos instrumentos urbanísticos, así como los proyectos de edificación y construcción, deberán hacer constar expresamente en su memoria el cumplimiento de la presente Ley"; no se hace ninguna de las dos cosas; se vuelve a omitir el cumplimiento de la Ley de Accesibilidad. Nos tememos que una vez que de la Xunta, de la delegación, vuelvan a ver el expediente (vuelvan a verlo no: lo analicen; porque de momento solo revisaron si se presentaba la documentación ó no), en cuanto lo analicen, vuelvan a devolverlo a este salón de Plenos para que se corrija una modificación que es de obligado cumplimiento para todos; y pasados ya los primeros 100 días, pedirle al Concejala del área, que por favor vigile para el cumplimiento de la normativa de Accesibilidad, sobre todo en los documentos e instrumentos que salen del propio Ayuntamiento; creo que es un tema importante, usted lo sabe, como lo sabemos todos, exigiémos a nosotros mismos el cumplimiento de la Ley antes de exigiérselo a los demás.

Sra.Simons, no proteste tanto porque sabe usted, y estamos todos de acuerdo, en que el mínimo tienen que ser de 1,20; entonces, si el mínimo tiene que ser de 1,20 por ley, y tiene que haber un informe jurídico que diga que se cumple esa Ley, y tiene que haber un informe técnico que también lo diga, y usted tienen que vigilar como Concejala de Urbanismo el



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

cumplimiento de esa legalidad, está usted haciéndolo mal; me dá igual que la Ley sea posterior al Plan General y que sea de obligado cumplimiento, porque si es de obligado cumplimiento también lo es para la modificación de los instrumentos urbanísticos; es de obligado cumplimiento entera; entonces empiecen por cumplirla y por dar exemplo a la ciudadanía.

---

**Polo Sr.ALCALDE sométese a votación o presente punto, resultando:**

**Votos a favor: 11 (9,PP; 1,BNG; 1,UPyD).**

**Abstencións: 4, PSOE.**

**E por isto polo que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, ACORDA:**

**Primeiro.**- Aprobar provisionalmente a modificación puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación urbanística do Concello de Baiona consistente na modificación do artigo 4.1.6.2 Condicións de locais nos seguintes termos,

*"4.- Os comercios que se establezan en nivel inferior á planta baixa, non poderán ser independentes do local inmediato superior, estando unidos a este por escaleira cun ancho mínimo de 1 metro. **A altura libre mínima dos locais comerciais será de 3 metros, - salvo aqueles que fosen construídos con anterioridade á entrada en vigor do presente PGOU, onde se poderá reducir esta altura ata os 2,50 metros, sempre e cando se adapten ás condicións esixidas pola regulamentación vixente e demais normativas sectoriais de aplicación, e en particular, á de seguridade e saúde nos lugares de traballo-, e os semisotos que poderán ter unha altura libre mínima de 2,70 metros."***

**Segundo.**- Remitir el expediente completo a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para súa aprobación definitiva de conformidade con el artículo 85.7 de la LOUG.

## **12.- DECLARACION INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.**

O **SR.ALCALDE** cede a palabra á **SRA.GARBIN, PP**, quen procede á lectura da seguinte:

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

A violencia que nas súas diferentes formas se exerce contra as mulleres é unha das principais causas de vulneración dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, e como tal resulta inadmisibile nun estado democrático e de dereito.

Está presente en tódalas sociedades sexa cal sexa o seu sistema político. Non diferenza culturas, relixións nin clases sociais. Así as estatísticas amosan que os dereitos humanos das mulleres non se garanten plenamente en tódolos lugares. Unha de cada tres mulleres no mundo foi golpeada, obrigada a manter relacións sexuais ou sometida a algún tipo de abusos ao longo da súa vida.

A violencia de xénero é a expresión dunha orde social baseada na desigualdade das mulleres, que asigna roles diferentes ás persoas en función do sexo e que desvaloriza e subordina o feminino fronte ao masculino.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

A pesar de que en España a violencia de xénero deixou de considerarse un problema privado a considerarse un problema social, e dos avances lexislativos os datos amosan que algo sucede na nosa sociedade pois a 29 de setembro deste ano segundo datos do Centro Reina Sofía 48 mulleres foron asasinadas en España a mans da súas parellas ou exparellas.

Baiona non é axena a esta realidade; a 30 de setembro deste ano hai vixentes 15 ordenes de aloxamento e están operativos 4 servizos de teleasistencia móbil. No Centro de Información á Muller municipal realizáronse este ano 95 consultas sobre malos tratos.

Estes datos amosan que debemos continuar dando unha resposta contundente a aqueles que maltratan, acosan e asasinan, agresores que deben ter o rexeitamento e a penalización por parte de quen loitamos contra a violencia de xénero.

A Administración local é a máis cercana a este problema; é unha das responsabilidades de quen asumimos a representación política, e o Concello de Baiona, nesta data simbólica 25 de novembro Día Internacional para eliminar a violencia contra as mulleres, quere deixar constancia do seu compromiso e vontade no fomento da igualdade de oportunidades e na erradicación da violencia de xénero.

#### **POR TODO ISTO, A CORPORACIÓN MUNICIPAL**

**DECLARA** que é necesario garantir o pleno exercicio dos dereitos de mulleres e homes de forma igualitaria; e para elo comprometémonos a:

- Manifestar a nosa máis enérxica repulsa á violencia que se exerce contra as mulleres
- Asumir a nosa responsabilidade tanto individual como colectiva na tolerancia cero ante o maltrato e na denuncia de actitudes denigrantes e humillantes
- Impulsar no ámbito das nosas competencias e en aplicación da lexislación vixente, unha política municipal activa, integral e coordinada a favor de igualdade ente mulleres e homes
- Fortalecer as políticas locais a favor da igualdade, poñendo especial atención en que a actual crise económica non supoña un aumento da brecha das desigualdades existentes
- Coordinarnos co resto das Institucións e axentes sociais Intensificando os esforzos para previr e eliminar a violencia de xénero

*En definitiva, **COMPROMETERNOS** e deixar constancia do firme compromiso de tódalas forzas políticas representadas neste pleno a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en tódolos ámbitos e a traballar xunto con entidades, organizacións, institucións e administracións de forma coordinada procurando a unidade de todos os partidos políticos na loita contra a violencia de xénero*

---

**SRA.DOMINGUEZ, PSOE.-** Sra.Garbín, desde ya le digo que cuente con nuestra disposición absoluta para pelear contra la desigualdad, contra la violencia, contra los abusos, contra el maltrato; sea verbal, físico ó de cualquier tipo; siempre apostamos y seguimos apostando, no puede ser de otra manera, y muchísimo menos nosotras siendo mujeres y sabiendo la sociedad en la que vivimos, por la defensa de los derechos de las mujeres, y de todos, en igualdad. Cuente con nuestra colaboración. Lo que sí le pido es que por favor, si nos pide la colaboración para votar ahora, que estamos por supuesto de acuerdo, nos pida también la compañía y la ayuda para reunirnos con esas Asociaciones y esos sectores sociales allá donde sea necesario y sea conveniente dar un discurso, poner un ejemplo, ó tender una mano, del tipo que sea; va a contar con nuestro apoyo y con nuestra compañía.

Creo que además en este momento donde ayer, por desgracia, y antes de ayer, tuvimos noticias tan escandalosas sobre sentencias judiciales que están recayendo por parte de



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

algunos jueces educados todavía en ese machismo que creen que “zorra” es la descripción de un animal cuando se le dice a una mujer en una amenaza de muerte, ó que dormir en el suelo una mujer por miedo a su marido es algo que hace ella por libre voluntad, creo que debemos ser todavía muchísimo más contundentes y no solo estar en contra de la violencia verbal y escrita sino en contra de cualquier gesto que por desgracia todavía existen en nuestra sociedad; muchas de las mujeres que conocemos y que están a nuestro alrededor, creen que tienen una relación normal con sus maridos ó con sus novios cuando le dicen “cállate, idiota, tú que sabes”, estoy poniendo un ejemplo, ejemplo que hemos visto todos; creo que debemos ser contundentes y estar todos muy unidos. Cuenta absolutamente con nuestra colaboración para lo que necesite.

---

**Polo Sr.ALCALDE sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

E por isto polo que o Pleno da Corporación, por unanimidade, **ACORDA:**

**DECLARAR** que é necesario garantir o pleno exercicio dos dereitos de mulleres e homes de forma igualitaria; e para elo comprometémonos a :

- Manifestar a nosa máis enérxica repulsa á violencia que se exerce contra as mulleres
- Asumir a nosa responsabilidade tanto individual como colectiva na tolerancia cero ante o maltrato e na denuncia de actitudes denigrantes e humillantes
- Impulsar no ámbito das nosas competencias e en aplicación da lexislación vixente, unha política municipal activa, integral e coordinada a favor de igualdade ente mulleres e homes
- Fortalecer as políticas locais a favor da igualdade , poñendo especial atención en que a actual crise económica non supoña un aumento da brecha das desigualdades existentes
- Coordinarnos co resto das Institucións e axentes sociais Intensificando os esforzos para previr e eliminar a violencia de xénero

*En definitiva, **COMPROMETERNOS** e deixar constancia do firme compromiso de tódalas forzas políticas representadas neste pleno a promover a plena igualdade entre mulleres e homes en tódolos ámbitos e a traballar xunto con entidades, organizacións, institucións e administracións de forma coordinada procurando a unidade de todos os partidos políticos na loita contra a violencia de xénero.*

**13.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A DEROGACION DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMOBEIS RUSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALIZA PARA OS EXERCICIOS 2010 E 2011.**

O **SR.ALCALDE** cede a palabra ó **SR.FERNANDEZ, BNG**, quen procede á lectura da seguinte:

**MOCION SOBRE DEROGACION DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMÓBEIS RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA OS EXERCICIOS 2010 E 2011.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Xunta de Galiza ven de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

determinados inmóviles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

Os valores medios fixados para os bens inmóviles nesa norma, supoñen un incremento considerábel respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galiza.

A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóviles aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza conlevará un aumento xeralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso concello.

A subida media das taxacións dos inmóviles que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo dende xaneiro de 2010, estímase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organización profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais.

En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores alonxada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.

Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismo que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

##### **1. Dirixirse ao Goberno Galego para que:**

**a) Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóviles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.**

**b) Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóviles que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.**

##### **2. Dar traslado deste acordo ao Goberno Galego e máis aos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galiza.**

---

**CONTINUA.-** Presentamos esta moción, como dixen, polo incremento que se ve e que vai a abocar a que moitos veciños e veciñas deste pobo se vexan afectados no momento dunha transmisión patrimonial ou incluso dunha herdanza. Pedimos o voto a favor para esta moción.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**SR.RODAL, PP.-** Como todos sabemos el impuesto de transmisiones patrimoniales y el impuesto de sucesiones y donaciones tienen como característica común establecer como base imponible el valor real del bien como objeto de transmisión; la Administración tributaria de Galicia viene utilizando hasta ahora el dictamen de peritaje, como saben el año pasado se realizaron unas 515.000 valoraciones. El nuevo sistema de valoraciones de los inmuebles contemplados por la Ley General tributaria y de precios medios supone una plasmación de lo ya previsto en la Ley de Presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia ya para el año 2008; en ese momento, Ley aprobada por el Gobierno bipartito. La utilización del medio de valoración consistente en precios medios de mercado fué tradicionalmente usada en otros impuestos, así como en el ámbito inmobiliario, que utilizan este sistema con toda normalidad, y de probada eficacia en otras Comunidades Autónomas como son Madrid, Castilla y León, Castilla La Mancha, Extremadura, Murcia, ó Navarra.

Por todo ello es un mecanismo útil y que aporta seguridad jurídica y una información objetiva sobre el valor de mercado del inmueble; está respaldado por estudios actualizados y que ya vienen amosando sus beneficios en otras Administraciones autonómicas; en definitiva, lo que se hace es normalizar los precios a la realidad puesto que en muchas ocasiones esos precios no eran reales y después de hacer el pago de este impuesto después venían unas plus valías, unas cargas, por no haber hecho un valor real del mismo.

**SRA.DOMINGUEZ, PSOE.-** Como usted sabe, y no se le escapa a nadie de los que estamos en esta sala, porque todos en algún momento hemos tenido que hacer alguna declaración fiscal, alguna declaración de impuestos, y todos pagamos el IBI, existen valores de referencia para el cobro de los impuestos; uno es el catastral y otro es el que marcaba la Xunta para este tipo de impuestos.

Efectivamente la Ley dice que tiene que ser uno de los valores, ó real, ó de mercado, que tiene que aproximarse; claro, pero todos sabemos que no lo hacía; que no se acercaba; ni el de la Xunta ni el catastral se acerca al valor real del mercado; nunca lo hizo. Con lo cual, lo que se está escondiendo aquí es un incremento de los impuestos, sin más, sin ningún beneficio para el declarante sino todo lo contrario, va a tener que declarar muchísimo más; y le pongo claros ejemplos porque Xose Enrique decía que iba a empezar a afectar a vecinos de Baiona: ya afectó a vecinos de Baiona; ya tenemos datos de propiedades en Baiona que pasaban de un valor de 120.000 a un valor de 165.000, con lo cual la tributación del impuesto se incrementa considerablemente. Le puedo dar otro caso, éste en Vigo, y son datos que tengo, no doy los nombres ni la propiedad de datos, pero se los puedo pasar a usted en privado si le apetece, de un piso con una adquisición de compra hace 2 años de 184.000 (hace 2 años, que no había crisis) y lo sube la Xunta ahora, en plena crisis, a 230.000. Entonces, creo que en este momento de crisis en la construcción, no se ajusta el valor de mercado cuando se incrementa un porcentaje tan elevado; creo que más bien todo lo contrario; ahora es el momento en que había que dejar los valores anteriores, ya no digo bajarlos, pero por lo menos mantenerlos, para no incrementar la carga tributaria y porque además están dándose valores por encima del mercado. Un apartamento en Baiona por ese precio difícilmente tiene salida, porque además no es una calle principal. Creo que están elevando los valores por encima del precio de mercado.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Rodal, eu comprendo que teñen que gardar disciplina de voto; pero vostedes están pensando outra cousa ben distinta. E triste que un veciño de Baiona que ao mellor acaba de morrerlle un familiar e recibe unha herdanza, e non falamos de herdanzas que te deixen ben colocado para toda a vida, non, falamos ao mellor da propia vivenda onde estamos vivindo, que teña que pedir un crédito para pagar o que herdou e onde vai a vivir o resto da súa vida.

As subas que se fixeron xa, ou que se están facendo, van entre un 25 e un 30%; pero chegan incluso ata un 65%; é dicir, que un inmovible valorado en 100.000 euros pasará a pagar de 7.000 euros a 9.100; é unha cifra importante; moi, moi importante.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Hai organizacións profesionais agrarias como por exemplo Xóvenes agricultores (eu me imaxino que non será sospeitosa de pertencer ó BNG; máis ben será afín ó PP) que dixeron textualmente: "Se observa que o valor do solo aumenta ó dobre mentres que o valor das vivendas increméntase ata o triplo coa aplicación dos novos baremos"; estas son manifestacións de Xóvenes agricultores, é dicir: simpatizantes e votantes do Partido Popular; polo tanto, eu creo que aparte da disciplina de voto pois haberá de vez en cando que ser un pouco realistas e dicirlle ós compañeiros que temos en Santiago que busquen outras alternativas porque evidentemente esta é unha suba máis, outra suba encuberta de impostos, que leva adiante o Sr.Feijoo e que o disfraz de calquera xeito.

Na Administración Pública autonómica se chega a incongruencias tan grandes como se achegou neste Concello no ano que fixeron as expropiacións para a autoestrada, valorando terreos (e podo dicir que isto me sucedeu a mín) que me expropiaron a 700 ptas/m<sup>2</sup>. A mesma Administración, 2 anos máis tarde, cando fun a facer a declaración para poder pór o meu nome esas propiedades, a mesma parcela, asinado polo mesmo perito que asinou a expropiación, pasou a valer 16.000 ptas. Pois ben, a pesares de recorrer e a pesares de presentarlles a documentación que me habían remitido eles mesmos de valoración, de valoración de 700 ptas., porque eu evidentemente fixen a valoración polo que me pagaban na expropiación: 700 pts/m<sup>2</sup>, rechazaron o recurso; esas cuestións que pasan na Administración Pública os políticos non podemos consentilas.

Me acordaba agora mesmo porque antes dixo o Alcalde que nós habíamos aprobado a expropiación dos terreos pero que despois habíamos votado; por suposto que si; porque o que nos fixeron a nós non queremos que o fagan os demais, e en base a esa filosofía non se pode consentir iso; se vostede considera que para pagar é a 700, para cobrar ten que ser a 700 tamén, e punto; e o político ten que estar por encima desas situacións e resolvelas, porque senón aquí nós non pintamos nada; si aquí o que hai que facer sempre é o que mandan os administrativos, os funcionarios, ¿qué pintamos nós aquí?. Polo tanto eu sei que é difícil pero deberan dicirlle ó Sr.Feijoo que retome a cuestión e que poña cartas no asunto. Pido o voto a favor.

**SR.RODAL, PP.-** Sobre lo que comentó el Sr.Amorín, puede que las viviendas tuvieran una bajada del 40%, pero imagino que será la zona donde estaba usted antes; ojalá que aquí fuera así; que los precios hubiesen bajado un 40%. Yo no estoy muy metido en el tema inmobiliario pero estoy seguro que por lo menos en Baiona, por desgracia para todos los baioneses, no bajaron las viviendas un 40%.

La Sra.Domínguez puso un ejemplo de una vivienda en Vigo, creo que dijo de 180.000 euros y que se tasó después en 230.000; me sale a ojo un 25%; no es que me parezca poco pero usted antes dijo que era medio fraude y no la realidad; e incluso creo que en prensa habló de viviendas en Baiona con un 90% de incremento. Me imagino que usted siempre defenderá su postura, pero me está poniendo ejemplos que realmente son el 25%, no sé de donde saca el 90%.

**SRA.DOMINGUEZ, PSOE.-** Como usted comprenderá todos estos datos son privados, particulares; no son públicos; y por mucho que entre en la página web de la Xunta me salen las valoraciones actuales, no me salen las anteriores para comprobarlo; los datos que yo tengo, y que me obran, son por conocimiento profesional y particulares, y por lo tanto no puedo dar datos más concretos. Hablaba de ese dato en Baiona y el otro en Vigo; el que dí del 90% es un tema que aún es más sangrante porque es una explotación rústica; y eso no lo acaba de entender nadie; una explotación, en funcionamiento, ganadera; por eso no le hice mención porque creo que no es aplicable a las viviendas en nuestra localidad. Pero sí hay unos incrementos salvajes. En cualquier caso usted dice que no bajaron los precios; pero es que tampoco subieron. No subieron los precios en el mercado. Es cierto lo que dice el Sr.Amorín: no se vende; los propietarios las tienen retenidas ó tienen imposibilidad de venderlas; no bajan los precios pero tampoco suben; entonces ¿porqué subir la valoración a la hora de tributar y fiscalizar a la gente?, además en un momento de muchísimas dificultades; porque



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

además son tributos a los que muchos se verán abocados por una situación de necesidad; hay muchos casos como en las sucesiones, por ejemplo, pues no, van a tener que pagarlo por fallecimiento; pero en transmisiones patrimoniales vienen precisamente por temas de compraventas, a los que muchos se van a ver obligados, y van a tener que tributar más que nunca. Creo que realmente lo que tenemos que pedirle a la Administración, como dice el Sr. Fernández, es que sea sensata a la hora de establecer esos valores donde se van a aplicar las tasas de los tributos, y creo que es exagerado en un momento de crisis, donde el mercado está a la baja ó estancado, subir e incrementar el valor para aplicar el impuesto. Vamos a votar a favor de esta moción, por supuesto.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Eu creo que o Sr.Rodal ten que respetar a disciplina de voto, eu ata chego a entendela; pero non diga que non baixaron, baixaron os prezos en Baiona; é dicir, fai 3 ou 4 anos ver unha pancarta na Avenida de Sabarís dicindo "piso por 90.000 euros", é que case estaríamos falando dunha praza de garaxe e non dun piso; iso agora mesmo existe; polo tanto, eso é unha realidade.

Non sei canto baixaron, pero baixaron moitísimo os pisos; esa é a realidade; e é certo que cando se está gobernando hai que buscar diñeiro por onde sexa para facer obras: "obras son amores y amores son votos"; iso está claro; pero hai que ter coidado coa cuestión financeira e de impostos porque hai moita xente á que isto lle pode condicionar para toda a vida; é dicir, estamos falando de pedir hipotecas ou incluso vender propiedades para poder pagar unha herencia que ao mellor xa levan disfrutando toda a vida. Non estamos falando de que se enriqueza a xente, senón de manter o que se ten.

Creo que sería un exercicio bo tratar de aprobar esta moción e pedirlle ó Goberno, polo menos que sepan que non consideramos correcta esa postura; e o mesmo que pasa aquí me imaxino que pasa en tódolos Concellos, polo tanto pido o voto a favor.

---

**Polo Sr.ALCALDE sométese a votación o presente punto, resultando:**

**Votos a favor: 6 (4, PSOE; 1, BNG; 1, UPyD).**

**Votos en contra: 9, PP.**

**E por isto polo que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, ACORDA rexeitar a moción presentada polo BNG.**

#### **14.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A SUPRESION DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA NA AREA DE VIGO.**

**O SR.ALCALDE comenta que por parte do grupo de goberno tamén hai unha moción sobre o tema de ambulancias, polo cal poderían tratarse conxuntamente as dúas mocións, debatílas e despois facer a votación de forma individual. En tal caso, habería que votar a Urgencia da moción do grupo de goberno.**

---

O **SR.ALCALDE** cede a palabra ó **SR.FERNANDEZ, BNG**, quen procede á lectura da seguinte **MOCION**:

#### **SUPRESIÓN DUNHA AMBULANCIA DO 061 NO VAL MIÑOR E DE UNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA NA AREA DE VIGO**

Tal coma se recolle no Decreto de Transporte Sanitario aprobado pola Xunta de Galicia a primeiros de ano (Decreto 11/2011 de 20 de xaneiro), que entre outras medidas prevé a eliminación da presenza do técnico-axudante nas ambulancias medicalizadas ou, a eliminación



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

da obrigatoriedade de pagar o servizo de ambulancia polo SERGAS deixando a porta aberta á posibilidade do copago, etc. Un decreto que responde á política de desmantelamento dos servizos públicos iniciados polo Goberno Galego do Sr. Feijoo e do PP cuxas consecuencias na nosa Comarca se materializan, entre outras medidas, na supresión de servizos tan necesarios como a presenza das ambulancias. Isto non fixo máis que comezar e veremos cal é a seguinte restricción.

Como todo o mundo sabe, no Val Miñor tiñamos ata agora dúas ambulancias convencionais do 061, unha en Baiona e outra na Xunqueira. Pois ben, en pleno verán e xusto cando a poboación da Comarca se duplica, ou máis, suprimen a ambulancia de Baiona deixando só a da Xunqueira no canto de poñer unha medicalizada no Val Miñor como vimos reclamando no BNG dende hai anos. Dicar que este tipo de servizo de ambulancias teñen unha importancia vital, nunca mellor dito, pois son as que primeiro atenden os accidentes, os infartos, as praias, etc, etc. A pregunta é obvia: se fan isto no verán, que pasará cando a poboación do Val Miñor se reduza ao seu número normal? e ollo que aínda así estamos a falar de aproximadamente 50.000 persoas.

Este tipo de recortes non teñen xustificación posible: COA VIDA DAS PERSOAS NON SE XOGA!!! e as repercusións de semellante medida xa están afectando negativamente na rede sanitaria pública do Val Miñor. Se a isto lle engadimos a supresión hai seis meses de una ambulancia medicalizada, só había dúas para atender toda a Área Metropolitana de Vigo, resulta evidente o déficit que soportará a sanidade pública desta área onde máis de 500.000 persoas do sur de Pontevedra disporán só dunha ambulancia medicalizada.

Pois ben, como queira que supresión destas dúas ambulancias son ao entender do BNG inxustificadas e que deixan desatendida e en grave risco a poboación do Val Miñor, e polo tanto de Baiona, propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal tomar en consideración os seguintes **ACORDOS**:

**1º.-** O Pleno da Corporación Municipal de Baiona acorda dirixirse á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia e ao SERGAS, para que proceda ao restablecemento do servizo da segunda ambulancia medicalizada para área de Vigo.

**2º.-** O Pleno da Corporación Municipal de Baiona acorda dirixirse á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia e ao SERGAS para que proceda de maneira urxente á reposición da segunda ambulancia do 061 ubicada en Baiona, para que o Val Miñor poida contar cun servizo de ambulancias que atenda con garantías a poboación da nosa Comarca.

**3º.-** Solicitar una reunión urxente coa Conselleira de Sanidade da Xunta de Galiza e crear unha comisión formada polos portavoces municipais para trasladar os acordos tomados a Conselleira.

---

**CONTINUA.** - Eu creo que está suficientemente explicada a postura do BNG nesta moción.

---

**- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A REORDENACIÓN DA REDE DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DE GALICIA.**

**VOTACION DA URXENCIA.** -

Polo **Sr.ALCALDE** sométese a votación a **Urxencia da moción do grupo de goberno** para poder debatela no presente punto, resultando:



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**Votos a favor da Urgencia: 9, PP.  
Abstencións: 6 (4, PSOE; 1, BNG; 1, UPyD).**

**E por isto polo que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, aproba a URXENCIA da moción do grupo de goberno.**

---

O **SR.ALCALDE** cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte **MOCION**:

**MOCIÓN SOBRE A REORDENACIÓN DA REDE DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DE GALICIA**

Urxencias Sanitarias de Galicia-061 leva moistos anos facendo unha gran laboura na atención dos pacientes da Comunidade Autónoma de Galicia, sendos miles as persoas que recibiron seu cuidado.

Urxencias Sanitarias de Galicia-061 está a desenvolver un Plan de Mellora na rede de transporte sanitario urxente coa fin de optimizar os seus recursos. O Plan, que comezará a aplicarse no mes de setembro, garante a cobertura sanitaria ao conxunto da cidadanía galega.

Cómpre subliñar que o 061 traballa para o conxunto de toda-las e todo-los cidadáns da nosa Comunidade Autónoma, polo que as ambulancias non teñen asignación local, xa que o seu ámbito de actuación non é xeográfico, senón de tempo de resposta. En consecuencia, estes vehículos non están adscritos a ningún municipio.

Así mesmo, é necesario remarcar que o 061 realiza a distribución xeográfica dos recursos aplicando estudos previos da zona, e nos que se teñen en conta parámetros poboacionais, a demanda, os centros sanitarios de referencia, os accesos aos mesmos, así como as infraestruturas viarias; todo elo coa fin de que se cumpran os principios de eficiencia e equidade para a poboación galega.

Por tanto, o sistema de xestión do 061 dispón de capacidade para mobilizar en cada momento o recurso acorde á gravidade e ao tempo de resposta.

A cobertura de ambulancias asistenciais de Galicia é de 101 vehículos polo día e 96 pola noite. Os datos históricos da actividade do 061 evidencian un importante marxe de mellora. Así, do estudo do total de horas contratadas de ambulancias despréndese que, en horario nocturno, só se utiliza o 17% das horas contratadas.

Urxencias sanitarias está a organizar a actividade de noite, coa fin de facer eficiente o sobreexceso de oferta non utilizada, sempre coa garantía de mantemento de recursos e do tempo de resposta á totalidade da poboación galega.

Nos, como representantes dos veciños debemos solicitar que o servizo de transporte urxente manteña a calidade, especialmente o tempo de resposta, para que os cidadans estén perfectamente atendidos.

En consecuencia, esta tarefa de mellora permanente é o que está a levar a cabo Urxencias Sanitarias de Galicia-061, que, ademais, é un dos servizos de emerxencia máis recoñecidos de todo o Estado, e que segue a traballar para prestar a mellor asistencia no menor tempo posible.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Baiona a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- Que o 061 manteña a asistencia, calidade do servizo e os tempos de resposta as emerxencias, trala reorganización da rede de transporte sanitario urxente.
- Así mesmo, á realización do seguimento dos indicadores nos vindeiros meses co fin de comproba-la idoneidade da medida

---

**CONTINUA.**- Como pone en la moción lo que nos importa en nuestra área del Val Miñor, y en concreto en Baiona, es que el servicio de Urgencias sanitarias, el 061 de Galicia, sea lo más eficiente posible, y sobre todo lo que prima es el tiempo de respuesta, más que la ubicación.

Como se comentó antes, para la asistencia a Baiona no solamente dependemos de la ambulancia más próxima, aquí no es por localidad, como se decía, sino que es por proximidad y por ocupación; obviamente si una ambulancia está ocupada tendrá que venir la más próxima. Quiero citar aquí, por si no lo saben, que para la asistencia a Baiona primero tenemos la ambulancia asistencial que está aparcada, con garaje en Sabarís, y que se sigue manteniendo, que no se saca el horario nocturno sino que se reduce en las franjas horarias de noche de los lunes, martes, miércoles y jueves, pero sigue operativa la del viernes, la del sábado noche, y la del domingo de noche. La siguiente con garaje en Nigrán; estoy hablando de ambulancia asistencial; es en el PAC, punto de atención continuada, que está en La Junquera; después tenemos la siguiente que está en La Guardia; la ambulancia medicalizada que está en Vigo, y también la de Mos. Seguimos teniendo en el área intermunicipal de Vigo 2 ambulancias medicalizadas.

Como todos saben, en una ambulancia medicalizada debe ir un médico, un enfermero, y un técnico; creo que antes iban 2 y ahora se reduce a 1 en el horario nocturno, por eso les digo (ya que ustedes así lo dicen en su moción) que no se sustituye el técnico: sigue habiendo un técnico en la ambulancia; antes iban 4 personas y ahora van 3, porque se vio que funciona a nivel estatal.

Decir que en toda Galicia es la segunda área donde funciona mejor el servicio de Urgencias sanitarias el 061, el primero es en Lugo y seguidamente estamos nosotros; por lo tanto entendemos que el funcionamiento del 061, y se dijo antes en la moción y también el Sr.Fernández lo comentó, todos debemos aplaudirlo, es una gestión que llevan haciendo desde hace 15 ó 16 años, una gestión muy importante, han cuidado a miles de personas; tampoco hay problema en el tema del co-pago, sigue siendo igual que antes, cuando hay una asistencia sanitaria bien sea por un accidente laboral o por otra causa, sigue el tema del co-pago: Para nosotros lo que prima es el tiempo de respuesta.

**SRA.DOMINGUEZ, PSOE.**- A mí no deja de sorprenderme la moción del PP; la del BNG la compartimos totalmente, vamos a entrar en ese debate; pero la del PP realmente me sorprende. Me sorprenden 2 cosas: primero, que no defiendan la Urgencia antes de votarla, lo cual es una cosa curiosa, porque esta moción de urgente no tiene absolutamente nada tal y como la presentan; luego, que es una moción de obediencia debida de siglas, de partido, y ya está; además de una obediencia tan debida, tan debida, y tan sumisa, que nos sorprende que ustedes (que nosotros leemos la prensa) no hayan leído en la prensa que el Alcalde, ó Alcaldesa, de Marín, de Puentearreas, As Neves, Salvatierra, siendo del PP sí se posicionaron en contra de estos recortes. Esperabamos por lo menos un poquito de pensamiento hacia la ciudadanía y las necesidades de Baiona por parte del grupo de gobierno local, no estaría de más; los echamos de menos a todos en las movilizaciones que hubo este verano por parte del 061, y los seguimos echando de menos por una razón: el tiempo de respuesta; usted habla del tiempo de respuesta. El tiempo de respuesta es proporcional a la distancia que se tiene que recorrer, al ámbito del territorio al que tienen que servir, y al número de habitantes al que dan cobertura; y eso es así.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

